# AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

**Grao en Historia**

**Curso Académico: Curso 2017-2018**

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
    - Dimensión 1. A xestión do título
        - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
        - Criterio 2. Información e transparencia
        - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
    - Dimensión 2. Recursos humanos
        - Criterio 4. Recursos Humanos
        - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
    - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
        - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
        - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Modificacións do plan de estudos
- Plan de Melloras
    - Abertas Curso 2017-2018
        - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
    - Finalizadas Curso 2017-2018
        - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe

| 1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO | |
|---|---|
| Denominación do título | Grao en Historia |
| Mencións/Especialidades | ------ |
| Universidade responsable administrativa | Universidade de Santiago de Compostela |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | ------ |
| Centro responsable | Facultade de Xeografía e Historia |
| Centro/s onde se imparte | Facultade de Xeografía e Historia |
| Rama de coñecemento | Artes e Humanidades |
| Número de créditos | 240 ECTS |
| Profesión regulada | ------ |
| Modalidade de impartición | Presencial |
| Curso de implantación | 2009/2010 |
| Data acreditación ex ante (verificación) | 22/06/2009 |
| Data renovación acreditación | 11/03/2015 |

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
|---|
| CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:<br>Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.<br>Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes. |
| 1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión. |
| Aspectos a valorar:<br>• O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br>Neste apartado non hai variacións significativas con respecto ao curso 2016-2017, en tanto que os indicadores ratifican as tendencias sinaladas no informe correspondente.<br>Con relación ó interese académico do título, a situación é positiva e estable. Así, o número de prazas ofertadas (100 prazas) non varía desde o ano 2012, tal e como permite verificar o indicador IN01G-PC-05. O número de estudantes matriculados nun curso académico sitúase nos 446 o que supón un pequeno descenso con respecto ó curso 2016-2017, cando foron 460. Con todo, é unha cifra que está no nivel de matrícula de cursos anteriores: 399 alumnos en 2012-2013, 439 alumnos en 2013-2014 e 446 en 2014-2015 (IN02G-PC-O5).<br>Polo que se refire á matrícula de acceso, o número de estudantes matriculados por primeira vez tamén rexistra pequenas reduccións desde 2014: no curso 2016-2017 foron 98 alumnos, no curso 2016-2017, 103, no curso 2015-2016, 110 e no curso 2014-2015 foron 115, o máximo da serie histórica. O indicador IN03G-PC-05 tamén permite comprobar un lixeiro descenso dos alumnos que proceden das PAAU e o incremento dos matriculados que trasladan o seu expediente. Na mesma liña, a matrícula de novo ingreso por preinscripción rexistra un descenso con respecto a anos anteriores: 98 estudantes, fronte os 103 do curso 2016-2017, os 106 de 2014-2015 e os 110 de 2014-15, cando se alcanzou o máximo de matrícula de novo ingreso (IN04G-PC-05) De ahí tamén que a taxa de variación (-4,85 en 2017-2018) confirme e reforce a tendencia ó descenso que se ven manifestando desde 2014-2015 (IN05G-PC-05). A razón estaría no incremento da nota media de acceso por preinscripción, que foi aumentando dende o curso 2013-2014 e no curso 2017-2018 alcanzou a nota máis alta da serie histórica (9,78, fronte o 9,06 do curso 2016-2017. É un incremento significativo, sobre todo se o comparamos co dato de 2013-2014, cando estaba no 8,12, tal e como permite verificar o indicador IN06G-PC-05. Este dato demostra que o título mantén o seu atractivo cara ó alumnado, que accede cada vez con maior nota. Esta tendencia vese ratificada pola porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6. Este ano se mantén a porcentaxe dos dous cursos anteriores, do 100% do estudantado, o que significa unha importante mellora con respecto á situación dos cursos 2012-2013, cando a porcentaxe foi do 98,08%; 2013-2014, cando foi de 87,62% e 2014-2015, cando foi do 98,15% (IN07G-PC-05).<br>Tamén se rexistra unha melloría na porcentaxe de estudantes extranxeiros sobre matriculados: no curso 2017-2018 supuxo ó 0,90% do total, o que supón duplicar a cifra de 2016-2017, que era de 0,43%, e moito máis si se teñen en conta as cifras de 2014-2015, cando era do 0,22% (IN08G-PC-05). Na mesma liña, a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados mellora un pouco con respecto ó curso anterior, cando se rexistrara unha reducción importante. Así, pasou do 0,87% de 2016-2017 ó 0,90% do curso 2017-2018. Con todo, aínda non se recuperaron as porcentaxes dos cursos 2012-2013, cando estaba no 1,50%, e 2013-2014, con 1,59% (INO9G-PC-05). Ben entendido que esta reducción é froito da mellora doutros indicadores, e explícase polo feito de que os alumnos galegos entran con notas de corte cada vez máis altas e ocupan as prazas dispoñibles.<br>Esta situación de lixeira recuperación das cifras de captación de alumnado foráneo con respecto ó curso anterior, nun marco de xeral estabilidade, reprodúcese no caso da relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas. No curso 2017-2018 situose no 90%, mellorando a situación do curso anterior (88%), cando se manifestara unha baixada, dentro dunha tendencia xeral positiva, sempre por enriba do 80% (IN10G-PC-05.)<br>En contrapartida, a taxa de ocupación rexistra un lixeiro descenso con respecto ao cruso 2016-2017, por canto pasou do 103% ao 98% (IN12G-PC-05) .Con todo, trátase dun descenso correxido a efectos de matrícula polas preinscripcións en segunda e |

terceira opción, o que vendría a xustificar a valoración de que o título mantén o interese académico e está actualizado. A súa adaptación as condicións socioeconómicas e ós requisitos da profesión vese reforzada pola porcentaxe de estudantes egresados que ao longo dos seus estudos realizour prácticas en empresas e institucións. No curso 2017-2018 asistiuse a un incremento da súa porcentaxe con respecto ao curso 2016-2017, pasando do 65,71% o 72,97%. Unha recuperación dun 7%, que resulta significativa, tendo en conta a tendencia fluctuante da serie: 65,96% en 2012-2013; 65% en 2013-2014; 79,10% en 2014-2015; 75,61% en 2015-2016 (IN22G-PC-09).

## 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O plan de estudos desenvolveuse seguindo o previsto na memoria verificada, en tanto que no curso 2017-2018 non se fixeron cambios na oferta de módulos nin de materias.

A titulación baséase nun sistema de créditos ECTS, no que o alumno para terminar os estudos debe realizar un total de 240 créditos, divididos en catro anos, nos que pode realizar os seus estudos a tempo completo ou a tempo parcial. Trátase dun sistema de ensino que ten un dos puntos fortes na presencialidade do alumno.

(Fonte: http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/titulacions.html?plan=12651&estudio=12652&codEstudio=12253&valor=9.

Pola súa banda, o desenvolvemento das actividades académicas correspóndese co establecido na memoria de verificación, na que se indica que as asignaturas do grao de Historia son 45, mais o Traballo Fin de Grao. Destas asignaturas, 10 son de formación básica e están organizadas en dous apartados (Coñecementos transdisciplinares e Teoría e Procedementos analíticos da Historia). Ademáis, o título conta con 24 asignaturas obligatorias, centradas en dúas orientacións (Coñecemento xeral da Historia e Teoría e Procedementos analíticos da Historia). Finalmente, dispón de 11 asignaturas optativas, organizadas en dous itinerarios: Economía, sociedade e institucións e Cultura, ideoloxía e institucións.

(Fonte: http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/programas.html?plan=12651).

O desenvolvemento das actividades académicas corresponde co establecido na memoria de verificación, tal e como permiten comprobar o programa das respectivas materias, no que figuran as competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación das mesmas. (Fonte: http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/programas.html?plan=12651)

O tamaño dos grupos pode considerarse adecuado ás actividades formativas, por canto na media de alumnos por grupo de teoría continúa o descenso dos últimos anos. Este curso a media é de 53,81 a máis baixa da serie histórica, e así pasouse dos 64,66 alumnos de 2014-2015 ós 53,81 do curso obxecto de análese (IN31G-PS-01).

A súa vez, a media de alumnos por grupo de docencia interactiva reflicte unha tendencia xeral á estabilidade.Con todo, no curso 2017-2018 tivo lugar unha pequeña subida, pasando dos 30,63 alumnos do curso 2015-2016 ou ós 30,24 do curso 2016-2017, ós 33,19 do curso 2017-2018. Non chega a ser a media máis alta da serie histórica, que correspondeu ó curso 2013-2014, con 35,14 alumnos. A existencia de grupos de centro constitue unha boa práctica que facilita a estabilidade, dentro dos parámetros dunha titulación que conta cun alumnado numeroso (IN32G-PS-01).

No grao de Historia non existe curso de adaptación e a participación do alumnado en programas de mobilidade se mantén en niveis discretos. Así, a porcentaxe de estudiantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados, continúa a tendencia ao descenso que se manifestou o curso pasado, situándose no 2,47% no curso 2017-2018, fronte ó 3,48% do curso 2016-2017; o 3,83 de 2015-2016; o 3,14% de 2014-2015, o 3,87% de 2013-2014 e o 4,01 de 2012-2013 (IN17G-PC-08). Unha tendencia que podría poñerse en relación coa evolución dos programas de mobilidade e as dificultades coas que se atopan os alumnos para estudar fora da USC (requisito de idiomas, insuficiencia das becas).

En contrapartida, mellorou un pouco a porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados. Tal e como reflexa o indica IN18G-PC-08. A porcentaxe subiu ao 2,69% no curso 2017-2018 fronte ó 2,17% do curso 2016-2017. Con todo, O curso pasado rexistrara a porcentaxe máis baixa da serie histórica, en claro contraste coa situación dos primeiros cursos, cando as porcentaxes estaban por riba do 11%. Os efectos da crise económica parecen evidentes, polo que cabe esperar que a lixeira recuperación do último curso se consolide nos sucesivos.

| 1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas. |
|---|
| Aspectos a valorar:<br>• A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.<br>• No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.<br>• No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.<br>• No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br>O grao de Historia conta con mecanismos de coordinación adecuados as súas características, situación que vese facilitada polo feito de ser un título que se imparte nun solo centro da Universidade.<br>Para garantir a coordinación horizontal, todas as asignaturas con mais dun profesor asignado contan cun coordinador de asignatura, que é nomeado polo Consello de Departamento. Ten como función específicas as de garantir a homoxeneidade dos contidos, dos sistemas de avaliación e das actividades docentes. Tamén debe verificar o grao de cumplimento da programación docente da asignatura e informar dos resultados acadados ó coordinador do curso o do título, según sexa o caso.<br>Ademáis, os coordinadores de curso completan a coordinación horizontal. Estes son nomeados polos Decano a proposta da Comisión do Título, sendo os encargados de coordinar a actividade docente entre os distintos profesores dun mesmo curso. Realizan o seguimento da implantación da programación das materias do seu curso, informando do desenvolvemento do proceso á Comisión de Título.<br>A coordinación vertical no título garántese mediante a Comisión Permanente, que recolle as competencias da antiga Comisión do título de Grao. É a Comisión encargada de supervisar que a programación impartida corresponda ó plan de estudos vixente, comprobando que non existan baleiros e duplicidades entre materias. Os resultados da súa actuación poden atoparse na páxina web do centro http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/acordoscomision.html.<br>Ademáis, o grao conta cun coordinador do título, nomeado polo Decano previo acordo do Consello de Departamento, sendo o responsable de supervisar as actividades xerais de coordinación e dar conta das mesmas mediante a elaboración do informe anual. Para facilitar as labores de coordinación se utilizan as correspondentes aulas virtuais, que axilizan as tarefas de coordinación entre os docentes e os coordinadores dos cursos respectivos, e entre estos e o coordinador do grao.<br>Fonte:http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/xeohistoria/descargas/sgic/coordinacion_actividad_docente.pdf<br>Pola súa banda, as prácticas externas tamén dispoñen de varios mecanismos de coordinación. Así, existe un coordinador das PAE por titulación, que é un dos profesores con docencia nas materias implicadas. Entre as súas funcións figura a de coordinar, en colaboración co conxunto da Comisión de Prácticas Académicas Externas, a asignación ao alumnado das prazas nas institucións colaboradoras. Tamén se encarga de distribuir ó alumnado entre o profesorado con docencia na materia, atendendo á carga docente e ao perfil do profesorado. Finalmente, debe organizar, de acordo co conxunto do profesorado, as PAE e as distintas actividades recollidas no programa.<br>Fonte:http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Regulamento-de-Practicas-Externas.pdf |

| 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos. |
|---|
| Aspectos a valorar:<br>• Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.<br>• No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen. |

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:
Os criterios de admisión considéranse adecuados e eficaces para garantir a idoneidade do alumnado, tendo en conta que o grao de Historia non esixe ningunha formación previa específica para o ingreso. Con todo, recoméndase que a formación do alumno sexa de perfil humanístico.
Fonte: http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/titulacions.html?plan=12651&estudio=12652&codEstudio=12253&valor=9
O feito de que a nota media de acceso por preinscripción se incrementara nos últimos cursos ratifica a idoneidade do alumnado matriculado, tal e como certifica o indicador IN06G-PC-05-. De ahí tamén que o grao de Historia non conte con complementos de formación.
Ó marxe estas particularidades, o grao de Historia participa da política xeral de acceso á Universidade dunha serie de colectivos previamente definidos: ademais dos alumnos que realizan as PAAU, alumnos procedentes de FP2/Módulos Profesionais/Ciclos formativos de Grao Superior, Titulados Universitarios, Maiores de 25 anos, Maiores de 40 anos, personas con discapacidade e deportistas de alto nivel. Fonte: http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/drispra.html. Ben entendido que a maior parte dos alumnos proceden das PAAU e a presenza doutros grupos entre o alumnado matriculado é testimonial.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:
Neste apartado cabe afirmar que o funcionamento do grao de Historia axústase ó establecido nas distintas normativas.
Polo que se refire á normativa de permanencia, o título aplica a normativa xeral de permanencia da Universidade, que regula os tipos de matrícula, o réxime de permanencia e o de convocatorias. Fonte: http://www.usc.es/gl/normativa/estudantes/index.html.
O mesmo cabe dicir da normativa de avaliación do rendimento académico e de revisión das cualificacións. Tamén aplícase a normativa xeral da Universidade, que regula a avaliación ordinaria, o procedemento de avaliación, e os de revisión e reclamación das cualificacións. Neste último caso o decano do centro é o responsable de nomear as correspondentes comisións de reclamacións, que resolven atendendo ás alegacións e partindo dos materiais proporcionados polos profesores da asignatura correspondente. Fonte: http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/resavarenacaestrevcua11.pdf.
A aplicación desta normativa ofrece bos resultados, tendo en conta que o grao de Historia presenta unha taxa de éxito no curso 2017-2018 do 87,26%. É unha situación bastante semellante á do curso 2016/2017, cando presentaba unha taxa de éxito de 88,66 e se encontra na media da serie histórica, tal e como permite comprobar o indicador IN35G-S01-PM-01.
Pola contra, a tasa de graduación no curso 2017-2018 baixou ó 57,84% fronte ó 62,14% do curso 2016-2017. É difícil sinalar as posibles causas desta realidade de lixeiras variacións duns anos a outros. De feito, o dato deste curso está en liña co acontecido no curso 2015-2016, cando fora do 58,82 (IN37G-S01-PM-01).
As taxas de abandono dos estudos tamén rexistran fluctuacións: no curso 2017-2018 estivo no 16,67% do total. Este dato que corresponde supón un incremento significativo con respecto ao acontecido no curso 2016-2017, cando foi do 12,62. Con todo, sigue sendo menor á de cursos anteriores, como revela o 20,59% do curso 2015-2016 (IN41G-S01-PM-01).
Fronte a esta situación, a taxa de abandono durante o primeiro curso mostra unha evolución positiva: no curso 2017-2018 se reduxo ó 7%, o que supón un descenso significativo con respecto ó curso 2016-2017, cando estivo no 10,38%. Supón a porcentaxe máis baixa da serie histórica, que tivo a súa maior taxa de abandono no curso 2013-2014, cun 14,71%, según o indicador IN40G-S01-PM-01.
Polo que se refire as normativas propias do título, a máis significativa é a que regula a realización dos traballos de Fin de Grao.
A normativa dos Traballos fin de grao de Historia define os contidos dos TFG, atribúe á Comisión de Calidade do centro as competencias para establecer os procedementos de elaboración dos TFG e a súa valoración. Polo que se refiere ó réxime de matrícula sinala que para poder formalizar matrícula o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos. Para a presentación será requisito necesario ter superados todos os demais créditos do grao, esto é, 234 ECTS.
Fonte :http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Regulamentotro-TFG-Grao-en-Historia.pdf
A aplicación desta normativa ofrece uns resultados moi positivos ano tras ano:
No curso 2017-2018 matriculáronse un total de 119 traballos e presentáronse 74 (62,5%). Os aprobados foron o 100%, cunha nota igual ou superior a 8 en 57 casos (77%) e igual ou menor a 6 en 7 casos (9,4%). http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Resultados-2017_18.pdf

No curso 2016-2017 matriculáronse un total de 106 traballos e presentárone 70 (66%). Os aprobados foron o 100%, cunha nota maior a 8 no 78% dos casos (55 traballos) e igual ou menor a 6 no 4% dos casos (3 traballos). http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Resultados-2016-17.pdf.
No curso 2015-2016 matriculáronse un total de 110 traballos fin de grao e presentáronse 82 (74%). O resultado foi de 82 traballos aprobados (100%), e deles 58 acadaron unha nota igual ou maior a 8 puntos (71%), e 10 acadaron unha cualificación igual ou menor a 6 puntos (12%).
http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Resultados-2015-16.pdf
No curso 2013-2014 os resultados foron os seguintes: 105 traballos matriculados e 81 presentados (77,14%), Os aprobados foron 81 (100%), e deles 48 tiveron unha cualificación igual ou maior que 8 (59,25%), e 8 tiveron unha nota igual ou menor que 6 (9.85%)
http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Resultados_2013_14.pdf
No curso 2012-2013 os resultados foron: matriculados 45; presentados 41 (91%), aprobados foron 41 (100%), Cualificación igual ou maior que 8 foron 27 (66%), e igual ou menor que 6 foron 2 (4,8%).
http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Resultados_TFG_2012-13.pdf
A comparativa mostra unha evolución positiva, aumentando ano tras ano o número de traballos matriculados, o número de aprobados e dos que tiveron unha cualificación igual ou maior a 8 puntos. Con todo, estase a percibir un crecente desequilibrio no número de TFG dirixidos por cada profesor e na composición dos tribunais encargados de xuzgar ós mesmos. Unha situación que espera correxirse coa correspondente acción de mellora.
Tamén as prácticas externas contan cun reglamento propio, que fixa os obxectivos das mesmas, a xestión das PAE a través da correspondente Comisión, os dereitos e deberes dos titores académicos, dos titores das institucións e dos alumnos. Na titulación de Historia as PAE desenvólvense no segundo cuadrimestre do último curso e supoñen un total de 6 créditos optativos ECTS. O regulamente tamén fixa os criterios de distribución do alumnado e regula os informes de seguimento das PAE por parte do titor das institucións e a memoria final das prácticas elaborada polo alumno.
http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Regulamento-de-Practicas-Externas.pdf
Os resultados das PAE do grao de Historia poden considerarse en xeral positivos. Así, a porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións (IN22G-PC-09) mostra unha evolución ascendente dende o curso 2012-2013 ata acadar o nivel máximo en 2014-2015 (79,10%). A partir dese curso foi experimentando unha desaceleración, pasando do 75,61% do curso 2015-2016 ó 65,71% de 2016-2017. Unha evolución que parece froito dunha tendencia xeral, máis que de problemas do propio programas. Polo menos, así o revelan as enquisas de satisfacción dos titores profesionais e do alumnado, moi positivas en todos os seus parámetros, e cunha clara melloría polo que respecto ao último curso.
Resultados do curso 2017-2018:
Enquisas aos titores profesionais: aspectos formais e normas básicas (99,1%), competencia do alumnado (97,5%), coñecementos do alumnado (84,6%), actitudes do alumnado (95,8%).
Enquisa ao alumnado: avaliación do programa (88,6%), avaliación da titoría profesional (92,3%), avaliación da titoría académica (93%). http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Grao-en-Historia.pdf.
Resultados do curso 2015-2016:
Enquisas aos titores profesionais: aspectos formais e normas básicas (97,2%), competencia do alumnado (95,4%), coñecementos do alumnado (83,2%), actitudes do alumnado (93,7%) e avaliación do programa (97,4%).
Enquisas ao alumnado:
-avaliación do programa: 83,6%, avaliación da titoría profesional: 94,6% e avaliación da titoría académica: 95,2%
http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Resultados_curso_2015_16.pdf
Curso 2014-2015:
Enquisas a titores profesionais:
-aspectos formais e normas básicas: 99,3%; competencia do alumno (97,9%); coñecementos do alumno (81,5%), actitudes do alumno (97,5%) e avaliación do programa (100%)
http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Resultados_programas_Grao_en_Historia.pdf
Curso 2013-2014:
Enquisa ao alumnado: organización das PAE- 4,11 (sobre 5); satisfacción xeral coas PAE: 4,35; empregador: 4,66; titor: 4, 75.
http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Resultados_PAE-Graos_13-14.pdf
Curso 2012-2013:
Enquisa os titores externos sobre o alumnado: coñecementos teórico-prácticos e competencias xerais do alumnado: 4,25 (sobre 5); coñecementos teórico-prácticos específicos do alumnado: 3,62 (sobre 5); Enquisa de satisfacción do alumnado: organización das PAE: 3,73 (sobre 5), satisfación xeral coas PAE: 4,08, empregador: 4,75 e titor: 4,70.
http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Resultados_2012-13.pdf

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
|---|
| CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:<br>Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.<br>Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese). |
| 2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade. |
| Aspectos a valorar:<br>• Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.<br>• A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.<br>• Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br>Para garantir que a información pública disponible sexa suficiente e relevante, a Facultade conta cunha páxina web na que se recollen todos aqueles aspectos fundamentais da titulación do Grao de Historia, co fin de fomentar o coñecemento e a difusión necesaria para aquelas persoas interesadas na mesma, tanto o colectivo de estudantes xa integrados na titulación, como os posibles futuros estudiantes. Nela figura información detallada da titulación (información, obxectivos, competencias, programacións, horarios, criterios de calidade). Tamén aparece toda aquela información que lle vale ó estudiante para acadar un coñecemento adecuado sobre o seu proceso de formación, mentras se atope vinculado á USC. Este tipo de información desplegase nun cadro de novidades e outro de convocatorias. Fonte: http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/index.html<br>A información sobre o grao de Historia está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título, en tanto que é renovada periodicamente e atende os aspectos que xeneran máis consultas do alumnado. Así a información que figura na web da Facultade ten especial significación para os alumnos de cuarto curso, ano no que se poder realizar con carácter optativo as Prácticas Académicas Externas. A información céntrase tamén en programas diseñados expresamente para a captación de alumnos, como é o programa “A ponte entre o ensino medio e a USC”. http://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/. Trátase dun programa de información por medio de charlas de profesores dirixidas expresamente a estudiantes nos seus centros de ensino. Ó abeiro do programa tamén é posible obter unha atención personalizada, previa a solicitude do centro para participar nesta campaña de difusión. Fonte : http://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/visitasusc.html. Esta información acompáñase dunha presentación multimedia, completada con aquela que ofrece a propia Universidade a través do mantenemento actualizado da súa páxina web. Nela aparece unha completa información sobre o procedemento de matrícula, que para maior difusión está colgada tamén na web do centro.<br>Unha vez que os alumnos xa están matriculados, os estudantes contan tamén, dentro do Programa A Ponte, coa figura de alumnos titores, estudantes veteranos da titulación que facilitan a orientación aos novos alumnos e o seu proceso de integración na propia Universidade. A esta información tamén accede ó alumnado a través da propia web. http://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/cursotitores.html<br>Outra forma de difusión é a que se fai no momento en que os estudiantes xa se atopan na titulación, e que se pode consultar na web do centro.<br>http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/xeohistoria/descargas/sgic/tutoria_orientacion_estudiante.pdf<br>Ademais, para os alumnos de primeiro, na semana inicial do curso, e tal e como figura no seu horario oficial, faise unha sesión informativa dos responsables da titulación, na que explican os requisitos mínimos para a superación da carreira, as infraestructuras que poderán utilizar e o funcionamento do centro.<br>Do mesmo xeito, para os alumnos de último curso, a Facultade organiza unha serie de xornadas de orientación profesional, cuia información tamén publícase na web do centro.<br>http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Xornadas_Profesionais_2015.pdf<br>Para afondar na política de información e transparencia, de cara ó alumnado e a todos os grupos de interese da titulación, na web do centro infórmase dos acordos adoptados pola Comisión Permanente<br>http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/acordoscomision.html<br>O mesmo ocurre con respecto ós acordos adoptados pola Xunta da Facultade: |

http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/acordosxunta.html
O resultado deste esforzo refléxase na satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible. O dato do curso 2017-2018 sitúase no 2,94, lixeiramente por debaixo do curso anterior. Con todo, foi un indicador que xa experimentara unha mellora importante en 2016-2017 (valor 3) con respecto ó ano anterior (2,45). Correxiuse así e por primeira vez a tendencia negativa que se viña arrastrando dende o curso 2013-2014 (IN23G-PC-12).

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
|---|
| CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:<br>**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**<br>Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título. |
| 3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento. |
| Aspectos a valorar:<br>• Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.<br>• No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.<br>• Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.<br>• O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br>No curso 2010-11 o SGIC da Facultade de Xeografía e Historia foi presentado á súa verificación pola ACSUG. Devandita verificación respondía ao compromiso adquirido na Memoria de Verificación do Título para desenvolver un manual transparente e accesible sobre o proceso de análise, medición e mellora das prácticas docentes dos títulos.<br>Devandito sistema deu lugar á correspondente Comisión de Calidade do Centro que, integrada polos responsables do centro, os directores de departamento e os coordinadores dos títulos, así como os alumnos (Fonte.- http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Comisions-delegadas-maio2018.pdf) é a encargada de velar polo cumprimento dos procedementos de Calidade dos diferentes títulos. Esta Comisión xunto coa Xunta de Facultade, son os órganos de responsabilidade en materia de calidade, e os seus acordos, para darlle a difusión debida entre todos os actores afectados polo título, (Fonte.- http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/acordosxunta.html ) o mesmo que os da Comisión permanente (Fonte.- http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/acordoscomision.html) ou os da Comisión do SIGC (Fonte. http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/acordoscalidade.html) públicanse unha vez aprobados e están a disposición dos interesados na paxina web do centro.<br>Este sistema de garantía é o instrumento sobre o que recae a responsabilidade sobre os procedementos e sistemas desenvolvidos en todos e cada un dos títulos que se imparten na Facultade. Trátase en esencia dun documento donde se recollen os procedementos a seguir e contribúe á transparencia, ao tempo que garatiza a calidade das ensinanzas, garantías incrementadas coa aprobación polos membros da Comisión Externa da titulación.<br>A valoración do título por parte da axencia evaluadora foi positiva, aínda que propuxo melloras que fóronse introducindo no procedemento, polo que o SIG da Facultade permite que todos os procedementos de xestión do centro, tanto de face ao estudiantado como aos profesores e o persoal de administración e servizos, sexa transparente e público.<br>Do mesmo xeito a calidade da docencia reflictese na evolución positiva de satisfacción do alumnado, no que se mantén á tendencia alcista, aínda que lixeira, xa establecida nos últimos cursos (Datos.- Satisfacción do alumnado coa docencia recibida.- Curso 2011-2012.- 3.81; Curso 2012-13.- 3.78; Curso 2013-14.- 3.73; Curso 2014-15.- 3.85; Curso 2015-16.- 3.89; Curso 2016-17.- 3.97 e Curso 2017-18.- 3.98; Fonte.- IN46G-S01-PM-01). Tendencia que tamén experimenta un lixeiro aumento, respecto a cursos anteriores, en canto ao porcentaxe de resposta dos alumnos as enquisas, en parte motivada polos reiterados avisos que se fan aos alumnos para que se cubran, ainda que que todavía atópaxe lonxe de cifras acadadas, o que pode explicarse polo sistema de realizar as mencionadas enquisas que xa non é presencial (Datos.- Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.- Curso 2011-2012.- 38.62; Curso 2012-13.- 45.45; Curso 2013-14.- 36.43; Curso 2014-15.- 36.32; Curso 2015-16.- 34.32; Curso 2016-17.- 34.73 e Curso 2017-18.- 35.7; Fonte.- IN48G-PM-02), e no persoal docente, no que presenta a mesma orientación a unha lixeira alza de valores (Datos.- Satisfacción do profesorado coa docencia impartida.- Curso 2013-14.- 3.87; Curso 2014-15.- 3.71; curso 2015-16.- 3.7; Curso 2016-17.- 3.66 e Curso 2017-18.- 3.94; Fonte IN47G-S01-PM-01) Este datos aconsellan que se siga difundindo desde a Facultade, tal e como se fixo en anteriores cursos, |

a necesidade de que os alumnos participen de xeito activo na mesma, con recordatorios nos sistemas de difusión tradicionais (paxina web do centro, pantallas da facultade …) o mesmo que desenrolar diferentes medios para mellorar o grao de satisfacción dos docentes coa materia impartida.
Do mesmo xeito, a evolución da tendencia en sentido positivo, invertindo os valores de cursos anteriores e experimentando unha maior subida, está presente na satisfacción dos estudiantes cos programas de mobilidade (Datos.- Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade. Curso 2014-15.- 3.61. Curso 2016-17. 3.16 e Curso 2017-18. 3.67; Fonte IN15G-PC-08), o que pode ser explicado por unha maior implicación do persoal responsable dos programas de mobilidade. Tendencia ascendente moito mais significativa na taxa de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (Datos.- Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación. Curso 2012-13.- 3.66; Curso 2014-15. 3.18; Curso 2015-16.- 3.58; Curso 2016-17.- 2.81 e Curso 2017-18.- 3.54. Fonte IN42G-S01-PM-01) tendencia que se orienta a baixa, experimentando un lixeiro descenso, na satisfacción dos egresados cos servicios, na que existe un equilibrio nos resultados dos últimos anos, o que fai deste dato, un elemento a ter en conta para vinderos cursos (Datos.- Grao de satisfacción dos egresados cos servizos. Curso 2012-13.-3.55; Curso 2014-15.- 3.33; Curso 2015-16.- 3.69; Curso 2016-17.- 4.11 e Curso 2017-18.- 3.93. Fonte. IN33G-PS-03).

### 3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A valoración sobre a aplicación do SGIC é positiva, xa que este é o procedemente que permitiu melloras nos sistemas de análise e de valoración dos datos, así como no seguimento que se pode realizar das diferentes medidas adoptadas para unha mellora efectiva e real da titulación, así como dos diferentes procedementos e actores que en participan activamente nela.
Non obstante, se considera axeitado despois de dos anos de implantación dos estudos efectuar unha simplificación de certos procedementos, xa que en moitas ocasións existe en estos unha sobrecarga de burocratización que ralentiza dun xeito importante certos aspectos relacionados coa a calidade e o procedemento de evaluar a mesma

### 3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A cultura de calidade atópase presente na Facultade de Xeografía e Historia no que se imparte o título de Historia da Arte, así como nos diferentes centros relacionados coa a súa docencia, tal e como se evidencia na creación do Comité consultivo da Facultade de Xeografía e Historia. (Fonte.- http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/sgic.html)

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:
Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.
Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:
- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:
O profesorado do grao de Historia conta cun alto nivel de cualificación. Así, a porcentaxe do PDI con sexenios sobre o PDI total (IN24G-PS-01) rexistra unha evolución positiva dende o curso 2011-2012 (79,55) ata este curso, cando se sitúa no 91,84%. Mellora a situación do curso 2016-2017, cando se situou no 89,80%. O máximo da serie histórica alcanzouse no curso 2015-2016 (93,75%). A melloría deste ano é salientable, dadas as xubilacións do profesorado rexistradas durante o curso pasado.
Tamén é moi positiva a porcentaxe do PDI doctor sobre o PDI total, que no grao de Historia é do 100%, un indicador que se mantén así dende o curso 2012-2013 (IN25G-PS-01).
O profesorado da titulación, ademáis de cualificado, é maioritariamente funcionario ou dispón de contratos estables (IN26G-PS-01). Con todo, a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total reduciuse no curso 2017-2018, situándose no 74,51 % do todal. Tendencia ó descenso que xa se percibiu no curso 2016-2017, cando acadou unha porcentaxe do 79,59%, cando no curso 2013-2014 estivera no 84,21%. Esta incidencia tamén pode considerarse resultado das xubilacións, que están comenzando a modificar ás características da plantilla docente.
O profesorado é suficiente para atender ó estudantado. Aínda así, a ratio de estudantes por profesor a tempo completo experimentou unha tendencia crecente desde o ano 2011-2012 e un forte aumento no último ano (pasouse de 8,26 alumnos do curso 2014-2015 a 9,40 alumnos no curso 2015-2016). Esa tendencia reflexa o impacto da crise e da tasa de reposición, circunstancias alleas a propia realidade do título (IN30G-PS-01).
En calquera caso, trátase dunha realidade heteroxénea, dado que a media de alumnos por grupo de teoría (IN31G-PS-01) estase reducindo nos últimos cursos, despois do gran incremento rexistrado no curso 2014-15 (pasouse de 56,30 alumnos do ano 2013-14 a 64,44 no curso 2014-2015. No curso 2017-2018 estivo en 53,81 cando en 2016-2017 estivera en 57,60 alumnos fronte ós 60,20 do curso 2015-2016).
A media de alumnos por grupo de docencia interactiva rexistra unha evolución contraria. O número incrementouse no curso 2017-2018 con 33,19 alumnos, con respecto ó curso anterior, cando fora de 30,24. Con todo, a evolución é positiva dende o curso 2013-2014. A partir dese momento o número de alumnos foi baixando paulatinamente, como resultado da introducción de grupos de centro. No curso 2016/2017 situose en 30,24, lixeiramente por debaixo dos 30,63 alumnos do curso 2015-2016 (IN32G-PS-01).
Estas cifras complétanse coas derivadas das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e do profesorado coa docencia impartida. A primeira amosa unha tendencia positiva e estable dende o curso 2011-2012, situándose en todos os cursos por encima de 3,70. No curso 2017-2018 rexistra un aumento significativo, acadando o

4. É o mellor resultado da serie histórica. Así ocorreu no último curso, 2016-2017, cando alcanzou ó 3,85. (IN46G-S01-PM-01).
A safisfacción do profesorado coa docencia impartida tamén rexístra unha evolución positiva dende o curso 2014-2015 (3,35), e 2015-2016 (3,65) ata o curso 2016-2017, cando foi do 3,66. No curso 2017-2018 o indicador mellora, achegándose ó 3,82 (IN47G-S01-PM-01).

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O personal de apoio que participa no título é suficiente para atender as necesidades do mesmo. Esta composto tal e como figura na web do centro por doce membros, nos que recaen as funcións de apoio e xestión administrativa do centro (personal de servicio 6; persoal de decanato.- 2; persoal de administración nos departamentos.- 3; persoal de xestión económica.- 2) , complementándose este personal co que desenrola a súa actividade na Biblioteca da Facultade, no que realizan a súa labor tanto personal técnico como auxiliar (10 membros) (Fonte.- http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/pas.html.
Este personal conta, ao igual que no caso do PDI cun programa de formación propia (Fonte.- USC: http://www.usc.es/gl/servizos/pla_pas/formacion), programa polo que por medio dos cursos ofertados se realiza a súa actualización laboral.
Boa proba de este sentido e o feito da satisfacción dos egresados con servicios ofertados, indicador que experimenta un leve sentido descendente co respecto ao curso anterior (Datos.- Grao de satisfacción dos egresados cos servizos.- Curso 2012-13.- 3.55; Curso 2013-14.- s/d; Curso 2014-15.- 3.5; Curso 2015-16.- 3.25; Curso 2016-17.- 4.11 e Curso 2017-18. 3.93. Fonte IN33G-PS-03).

| DIMENSIÓN 2. RECURSOS |
|---|
| CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:<br>Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.<br>Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título. |
| 5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes. |
| Aspectos a valorar:<br>• As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, …<br>• Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), …<br>• Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.<br>• Os fondos bibliográficos, recursos documentais,… son suficientes e están actualizados.<br>• No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.<br>• Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,…) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.<br>• Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.<br>• Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.<br>• Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).<br>• No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br>A pesares de que a Facultade instalase nun edificio histórico, coas limitacións que esto supón de cara a implantación dos títulos, nestes momentos dispón de todos os recursos materiais e servizos necesarios para a impartición do título; non obstante, hai que sinalar que sempre é preciso mellorar as condicións existentes para actualizar constantemente o sistema de ensino, cada vez mais interactivo no sistema de ensinanza-aprendizaxe. É esta a razón que leva a intentar aumentar os espazos de traballo comunitario e de titorías en grupos reducidos, para adecuar a estas funcións ás aulas cuxas dimensións non se axustan a esta realidade.<br>O feito das características de inmoble, determinan a necesidade dun mantenemento continuo, con tarefas que se centran na actualización das infraestructuras de xeito gradual, en función das diversas necesidades e da súa urxencia, para levar a cabo o mantemento da construcción mentras non se produza a deseada rehabilitación integral do inmoble. Neste momento estase a desenvolver o plan director do inmoble, e xa foron entregadas as diferentes memorias históricas para a súa materialización.<br>O feito de que se trate dun edificio historico, supón un problema para a accesibilidade de persoas con dificultades especiais; non obstante o edificio conta con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, o que facilita a accesibilidade. Así mesmo conta cun ascensor que comunica as plantas principais da facultade e permite salvar os espacios non adaptados para estas necesidades especiais. |

O edificio conta cun total de 19 aulas e 8 seminarios (http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/infraestruturas.html). Todos eles están dotados de sistemas de videoconferencia multipunto, ordenador e cañons de proxección múltiple, proxección dixital, conexión a internet e conexión wifii. Así mesmo cóntase cun laboratorio, unha aula de Cartografía, dúas aulas de informática (57 postos), un laboratorio técnico de prehistoria, un aula do Máster de Historia Contemporánea.
Así mesmo a biblioteca do centro dispón dunha dotación de fondos ampla, que increméntase todos los cursos, o que lle permite manter unha situación actualizada en canto a fondos (Datos.- Recursos bibliográficos e de infraestructura bibliotecaria (1), Curso 2009-2010.- 114.990 monografías e 2.477 publicacións períodicas, Curso 2010-2011. 121.822 monografías e 2.606 publicacións períodicas: Curso 2011-2012.- 124.113 monografías e 2.844 publicacións períodicas; Curso 2012-2013.- 125.959 monografías e 2.732 publicacións períodicas; Curso 2013-14.- 129.344 monografías e 2.780 publicacións períodicas; Curso 2014-15.- 132.974 monografías e 3.076 publicacións períodicas; Curso 2015-16.- 131.824 monografías e 3.227 publicacións períodicas; Curso 2016-17. 133.648 monografías e 3.204 publicacións periódicas. Fonte.- Informe Biblioteca da Facultade).
De igual xeito que coas infraestructuras presentes na facultade, outro aspecto a ter en conta son os servicios que se ofertan aos estudantes para a realización das Prácticas académicas externas -PAE-, nos que a titulación conta cun número significativo de convenios, mais de coarenta, con outras tantas institucións relevantes da Comunidade galega, (Fonte.- http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Convenios-de-practicas-externas-2019.pdf ).
Igualmente pódese mencionar tamén o feito de que dentro dos servicios da Facultade, esta o de facer unha presentación da titulación, en soporte multimedia (Fonte.- http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Presentacixn_Grao_en_Historia_da_Arte.pdf), do mesmo xeito que entre os seus servizos tamen oferta Xornadas de orientacion profesional, para os alumnos dos últimos anos da titulación, a través do servizo de Orientación Profesional da propia USC.

| DIMENSIÓN 3. RESULTADOS | |
|---|---|
| CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:<br>**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**<br>Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título. | |
| 6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título. | |

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados de aprendizaxe poden considerarse positivos, atendendo ós seguintes indicadores:

Unha taxa de rendemento que rexistra lixeiras fluctuacións dende o curso 2011-2012 e se mantivo sempre por encima do 78%(IN34G-S01-PM-01). No curso (2016-2017) experimentara un pequeño descenso con respecto ó curso 2015-2016, por canto pasou do 80,84% ó 78,28%. Con todo, no curso 2017-2018 mellorou á situación, ao chegar ao 79,18%.

A taxa de éxito mostra unha situación bastante similar á anterior. A tendencia é a estabilidade dende o curso 2011-2012, situándose sempre por encima do 87%. Se registra una ligera bajada desde 2015-2016,c uando estuvo en 89,20. No curso 2016-2017 estivo no 88,66%, fronte ó 87,26 do curso 2017-2018, unha pequeña variación que mostra unha tendencia descendente nos últimos anos.(IN35G-S01-PM-01).

Finalmente, a taxa de avaliación corrobora a imaxe anterior, por canto dende 2011-2012 foi sempre superior ó 88%. No curso 2016-2017 estivo no 88,29%, o que supón unha lixeira variación a baixa con respecto ó curso 2015-2016, cando fora do 90,63%. Con todo, no curso 2017-2018 recuperouse, chegando ó 90,73%, o mellor dato da serie histórica. (IN36G-SO1-PM-01).

É importante considerar tamén a positiva evolución dos resultados dos TFG, No curso 2017-2018 matriculáronse un total de 119 traballos e presentáronse 74 (62,5%). Os aprobados foron o 100%, cunha nota igual ou superior a 8 en 57 casos (77%) e igual ou menor a 6 en 7 casos (9,4%). http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Resultados-2017_18.pdf

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os indicadores de demanda son positivos, destacando entre eles a evolución xeral da matrícula, que pasou dos 320 alumnos do curso 2011-2012 ós 446 do curso 2017-2018. Nos últimos catro cursos o grao tivo niveis de matrícula superiores ós 430 alumnos, con lixeiras variacións duns anos a outros (Indicador INO2G-05).

Na matrícula de novo ingreso por preinscripción o título sigue rexistrando niveis positivos, aínda que neste curso continúa a tendencia á desaceleración dos últimos anos (dos 106 alumnos de 2015-2016 pasouse ós 103 de 2016-2017 e os 98 do curso 2017-2018, según o indicador INO4G-PC-05. A razón sería o incremento da nota de corte. Así, a nota media de acceso por preinscripción, en 2013-2014 estaba en 8,12, en 2014-15 en 8,31, en 2015-16 en 8,78 en 2016-2017 en 9,06 y actualmente sitúase no 9,78. Esto indica que o grao de Historia segue sendo unha carreira atractiva para o alumnado (IN06G-PC-05). Esa tendencia está reforzada pola porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6: en 2013-2014 era o 87%, en 2014-2015 do 98,15%, en 2015-2016 do 100%, no curso 2016-2017 no 100% e no curso actual mantense no 100% (IN07G-PC-05).

Os indicadores de resultados son en xeral positivos, ainda que rexistran fluctuacions significativas. Así, a taxa de graduación situose no curso 2017-2018 no 657,84%, o que supón una desaceleración da melloría rexistrada no curso 2016-2017, cando subiu ó 62,14% dende ó 58,82% do curso 2015-2016 (IN37G-S01-PM-01). En consecuencia, tamén se asiste ó incremento da duración media dos estudos, que rexistra una tendencia ascendente desde 2012-2013. No curso 2017-2018 ascendeu lixeiramente con respecto ó curso anterior, chegando a 4,59, fronte o dato de 2016-2017, cando foi de 4,55. En 2015-2016 estaba en 4,46 anos e no curso 2016-2017 situose en 4,55 anos.

Mentras tanto, a eficiencia dos titulados rexistra unha tendencia a baixa dende o curso 2012-2013. Así, pasamos dunha porcentaxe do 95,38% do curso 2013-2014 a unha porcentaxe do 92,15% no ano 2014-2015 (o último para o que temos datos. Unha tendencia que reflexa o aumento do número de repetidores (IN39G-S01-PM-01).

Con todo, a taxa de abandono durante o primeiro curso mostra unha tendencia a mellorar. A porcentaxe situose no 7% no curso 2017-2018, o mellor dato da serie histórica, que mellora moito o dato do curso 2016-2017, cuando estaba no 10,38% (IN40G-SOS-PM-01).

A situación aínda é mais positiva na taxa de abandono RD 1393/2007. Este indicador experimenta fluctuacións duns anos ós outros. No curso 2017-2018 rexistrouse un aumento da porcentaxe, chegando o 16,67%. Situacion que contrasta coa de 2016-2017, que foi do 12,62%. Ben entendido que ese ano a melloría fora moi significativa con respecto a cursos anteriores( mentras no curso 2015-2016 fora do 20,59% e no anterior do 19,47%). Tendencia en xeral estable e que reflexa a melloría do alumnado, en parte consecuencia do incremento da nota de corte. (IN41G-S01-PM-01).

Por iso non sorprende que a taxa de éxito dos egresados rexistre unha situación en xeral estable, cunha baixada nos últimos anos: pasouse do 94,82% de 2015-2016 ó 93,18% de 2016-2017, ao 89,20 no curso 2017-2018 (IN50G-S01-PM-01). De ahí tamén os cambios rexistrados na taxa de idoneidade na graduación: no curso 2017-2018 situose no 40,20 o que supón un descenso con respecto o curso 2016-2017, cando situose no 45,63%. Este ano mellorara fronte ó 42,16% do curso anterior (IN51G-S01-PM-01).

De ahí tamén a lixeira redución da taxa de eficiencia dos egresados: no curso 2017-2018 situose no 89,20%, frente ó 90,22% do curso 2016-2017 e o 92,87% do curso 2015-2016.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese

| son adecuados. |
| --- |
| Aspectos a valorar:<br>• Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.<br>• Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br>Os índices de satisfacción dos diversos grupos de interese do grao de Historia son en conxunto positivos.<br>Así, o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación está dende 2012-2013 por encima do 3, No curso 2017-2018 experimentou unha clara melloría con respecto ao curso 2016-2017 (3,07) con respecto ó curso 2015-2016 (3,18) e os anteriores. É o mellor resultado da serie histórica. (IN42G-S01-PM-01).<br>A satisfacción do alumnado coa docencia recibida tamén amosa unha imaxe de estabilidade, estando sempre por encima de 3,7. No último curso asistiuse a unha melloría: 2017-2018, situose nos 4 puntos, o mellor dato da serie histórica. Correxiuse así a lixeira baixada do ano anterior, cando pasara do 3,96 ó 3,85. IN46G-S01-PM-01<br>A satisfacción do profesorado coa docencia impartida tamén mellorou situose por encima do 3,5 dende o curso 2013-2014. No curso 2017-2018 estivo no 3,82 mellorando con respecto a cursos anteriores. É tamén o mellor dato da serie histórica (IN47G-S01-PM-01).<br>A taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida mellorou moito no curso 2017-2018: porcentaxe do 40,70% fronte o 29,76% do curso anterior. É o mellor dato da serie histórica, salvo o primeiro ano, 2012-2013, cando fora do 41,72. (IN48G-PM-02).<br>Os programas de mobilidade, pola súa banda, mostran un grao de satisfacción dos estudiantes saíntes con tendencia a baixa desde 2013-2014. No curso 2016-2017 rexistrouse un pequeño descenso con respecto ó anterior, pasando do 3,68 ó 3,59. Tendencia moi reforzada no curso 2017-2018, cando baixouse ó 2,88. IN15G-PC-08.<br>Pola contra, mellorou a satisfacción dos estudiantes coas prácticas externas, pasando dunha media de 4,29 no ano 2015-2016 á 4,39 no curso 2016-2017, o último do que temos datos (IN19G-PC-09). |
| 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título. |
| Aspectos a valorar:<br>• Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.<br>• Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.<br>• Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br><br>Carecemos de información ao respecto. |

FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

| 3. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| Criterios | Nº | Evidencia / Indicador | Documento/enlace |
| Todos | E1 | Memoria Vixente do título | ACSUG |
| Todos | E2 | Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora | ACSUG |
| 1 | E3 | Análise do perfil real de ingreso/egreso | Autoinforme, Criterio 1 |
| 1,6 | E4 | Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe) | http://www.usc.es/es/centros/xeohistoria/programas.html?plan=12651&ano=68 |
| 1,3 | E5 | Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión) | http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/acordoscomision.html<br><br>http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/acordoscalidade.html |
| 1 | E6 | Listaxe de estudantes que solicitaron | Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD) |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | recoñecemento de créditos | |
| 1,6 | E8 | Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe | Autoinforme, Criterios 1 e 6 |
| 1,7 | I1 | Número de estudantes de novo ingreso por curso académico | 2501097_P.Ind_2017-2018<br>2501097_INF.16_2017-2018<br>2501097_INF.CiUG_2017-2018 |
| 1 | I2 | No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia | -- |
| 1 | I3 | Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados) | 2501097_P.Ind_2017-2018<br>5075_INF.03_2017-2018 |
| 2 | E9 | Páxina web da universidade/ centro/título (debe ter como mínimo | http://www.usc.es/<br>http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/index.html<br>http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/titulacions.html?plan=12651&estudi |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | a información referida “Información mínima pública*”) | o=12652&codEstudio=12253&valor=9 |
| 3 | E10 | Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos) | http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/index.html |
| 3 | E11 | Evidencias da implantación dos procedimientos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública) | http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/index.html |
| 3,7 | E1 | Plans de mellora | http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/index.html |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | 2 | derivados da implantación do SGC | |
| 3,7 | E13 | Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,…) | Autoinforme, Criterios 3 e 7 |
| Todos | I4 | Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título | 2501097_P.Ind_2017-2018 |
| | | | 2501097_INF.04_2017-2018 |
| | | | 5075_INF.05_2017-2018 |
| | | | 2501097_INF.06_2017-2018 |
| | | | 2501097_INF.07_2017-2018 |
| | | | 2501097_INF.08_2017-2018 |
| | | | 2501097_INF.09_2017-2018 |
| | | | 5075_INF.10_2017-2018 |
| | | | 5075_INF.11_2017-2018 |
| | | | 2501097_INF.13_2017-2018 |
| | | | 2501097_INF.14_2017-2018 |
| | | | 5075_INF.21_2017-2018 |
| | | | 2501097_INF.22_2017-2018 |
| | | | 2501097_INF.23_2017-2018 |
| | | | 2501097_Informe_de_indicadores_2017-2018 |
| 3 | I5 | Resultados dos indicadores que integran o SGC | 2501097_P.Ind_2017-2018 |
| | | | 2501097 _Informe_de_indicadores_2017-2018 |
| 4 | E15 | Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, | 2501097_E15_2017-2018 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | etc) | |
| 4 | E16 | Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado) | 5075_E16_2017-2018 |
| 4 | E17 | Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, … ) | Autoinforme, Criterio 4 |
| 4 | I6 | Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5075_I6-I7_2017-2018 |
| 4 | I7 | Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5075_I6-I7_2017-2018 |
| 4 | I8 | Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,… ) | 2501097_INF.13_2017-2018 |
| | | | 2501097_INF.14_2017-2018 |
| 4 | I10 | Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores | 5075_I10_2017-2018 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título) | |
| 5 | E18 | Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título | http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/index.html |
| 5 | E19 | Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida | http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/index.html |
| 5 | E20 | Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares | http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Oferta-Grao-en-Historia-2017-2018.pdf |
| 5 | I11 | Distribución alumnado por centros de prácticas | http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Asignacion-definitiva-Grao-en-Historia-2017_18.pdf |
| 5 | E22 | Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia | Campus Virtual |
| 6 | E24 | Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación) | http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/tfg.html |
| 6 | E25 | Informes/listaxe das calificacións | 2501097_INF.15_2017-2018 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | de cada unha das materias do título | |
| 6 | E26 | Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe | Autoinforme, Criterio 6 |
| 7 | E30 | Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU) | Autoinforme, Criterio 7 |
| 6,7 | I12 | Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia):<br>- Taxa de graduación<br>- Taxa de abandono<br>- Taxa de eficiencia<br>- Taxa de rendimiento<br>- Taxa de éxito<br>- Taxa de avaliación | 2501097_P.Ind_2017-2018 |
| | | | 2501097_INF.17_2017-2018 |
| | | | 2501097_INF.18_2017-2018 |
| | | | 2501097_INF.19_2017-2018 |
| | | | 2501097 _ INF_SIIU_2017-2018 |
| | | | 2501097 _Informe_de_indicadores_2017-2018 |
| 7 | I13 | Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso | 2501097_P.Ind_2017-2018 |
| | | | 2501097_INF.CiUG_2017-2018 |
| | | | 2501097_Informe_de_indicadores_2017-2018 |
| 7 | I1 | Resultados | 2501097_EIL-SIIU_2017-2018 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | 4 | de inserción laboral | |
| 1,4,5 | I15 | Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,….) | 2501097_P.Ind_2017-2018<br>2501097 _Informe_de_indicadores_2017-2018<br>2501097 _MedUSC_2017-2018 |

| 4 .MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS | |
|---|---|
| MODIFICACIÓN | XUSTIFICACIÓN |
| | |

# ACCIÓN: AM-1

**Sistema de xestión** Grao en Historia

**Finalización do proceso previsto** 10 Setembro 2018

**Tipo** Acción de mellora **Eficacia** Non

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Francisco Ramón Durán Villa

**Análise da(s) causa(s)** Necesidade de garantir una maior coordinación horizontal entre asignaturas e docentes.

**Descrición da proposta** Mellorar a coordinación entre os docentes que imparten a mesma asignatura no Grao de Historia e entre os docentes do mesmo curso, con obxecto de evitar reiteracións e solapamentos.

| Solución proposta | Responsable | Estado | Data requerida |
|---|---|---|---|
| **AM-1.1 -** Revisión das programacións docentes | Francisco Ramón Durán Villa | Executada | 31/05/2018 |

| Comprobacións tarefas e subtarefas | Incidencias | Axustes | Data |
|---|---|---|---|
| **AM-1.1 -** Antes de aprobación definitva dos programas pola Xunta de Facultade realizase unha revisión dos mesmos polos membros da Comisión de Titulacións | | | 13/03/2019 |
| **AM-1.1 -** Todas as programacións revisanse pola Comisión do título de xeito previo a sua aprobación en Xunta de Facultade | | | 15/03/2019 |

**Finalizada**

Facultade de Xeografía e Historia.
Praza da Universidade, 1.
15782. Santiago de Compostela
Tfno. 881 812589. Fax: 881 812710
Correo electrónico: [illegible]

# ACCIÓN: AM-3

**Sistema de xestión** Grao en Historia

**Finalización do proceso previsto** 10 Setembro 2018

**Tipo** Acción de mellora **Eficacia** Non

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Begoña Fernández Rodríguez

**Análise da(s) causa(s)** Descoñecemento do proceso de realización dos TFG por parte do alumnado.

**Descrición da proposta** Realizar una charla informativa sobre os TFG para lograr una mellora dos resultados.

| Solución proposta | Responsable | Estado | Data requerida |
|---|---|---|---|
| **AM-3.1 -** Organizar unha charla para que o alumnado coñeza mellor o proceso de elaboración dos TFG | Begoña Fernández Rodríguez | Executada | 14/05/2018 |

| Comprobacións accións | Data |
|---|---|
| **AM-3 -** A charla anunciase na paxina web do centro | 13/03/2019 |

| Comprobacións tarefas e subtarefas | Incidencias | Axustes | Data |
|---|---|---|---|
| **AM-3.1 -** No mes de maio, realizase unha charla informativa, que se anucia para os alumnos de terceiro, sobre o funcionamento e os requisitos que os alumnos deben de seguir para a realización do TFG | | | 13/03/2019 |

**Finalizada**

Facultade de Xeografía e Historia.
Praza da Universidade, 1.
15782. Santiago de Compostela
Tfno. 881 812589. Fax: 881 812710
Correo electrónico: zhisdeca@usc.es

# ACCIÓN: AM-4

**Sistema de xestión** Grao en Historia

**Finalización do proceso previsto** 21 Decembro 2018

**Tipo** Acción de mellora **Eficacia** Non

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Francisco Ramón Durán Villa

**Análise da(s) causa(s)** Necesidade de completar a formación do alumnado do Grao de Historia promovendo actividades formativas e culturais

**Descrición da proposta** Organización de conferencias polas distintas áreas do Grao para difundir as últimas investigacións e traballos realizados no ámbito da súa especialidade.

| Solución proposta | Responsable | Estado | Data requerida |
|---|---|---|---|
| AM-4.1 - Organización de conferencias baixo a fórmula de ciclos de conferencias ou eventos aislados. | Francisco Ramón Durán Villa | Executada | 14/09/2018 |

| Comprobacións tarefas e subtarefas | Incidencias | Axustes | Data |
|---|---|---|---|
| AM-4.1 - A o longo do curso anterior por parte dos distintos títulos da facultade realizaronse actividades culturais abertas a todos os alumnos doe centro | | | 13/03/2019 |

**Finalizada**

# ACCIÓN: GXH-1

**Sistema de xestión** Facultade de Xeografía e Historia

**Finalización do proceso previsto** 30 Setembro 2019

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Francisco Ramón Durán Villa

**Responsables do seguimento** Comisión de Calidade do Centro

**Análise da(s) causa(s)** Mal estado dos equipos técnicos (cañons de Video) utilizado na docencia en determinadas aulas del centro

**Descrición da proposta** Adquisión de cañons de video novos para sustituir aqueles que se atopan en mal estado

| Solución proposta | Responsable | Estado | Data requerida |
|---|---|---|---|
| GXH-1.1 - | Francisco Ramón Durán Villa | Activa | 30/09/2019 |
| GXH-1.2 - Adquisición e sustirución dos cañons de video nas aulas que se atopan en mal estado | Francisco Ramón Durán Villa | Activa | 30/09/2019 |

**Activa**

# ACCIÓN: GXH-2

**Sistema de xestión** Facultade de Xeografía e Historia

**Finalización do proceso previsto** 27 Novembro 2019

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Francisco Ramón Durán Villa

**Análise da(s) causa(s)** Mal estado de conservación das pizarras en tres aulas da Facultade (Aula nº. 3, 6 e 12)

**Descrición da proposta** Restauración das pizarras que se atopan en mal estado de conservación e dificultan o seu uso para unha docencia axeitada

| Solución proposta | Responsable | Estado | Data requerida |
|---|---|---|---|
| GXH-2.1 - Restaurar as pizarras dañadas das aulas indicadas | Francisco Ramón Durán Villa | Activa | 27/11/2019 |

**Activa**

# ACCIÓN: GXH-3

**Sistema de xestión** Facultade de Xeografía e Historia

**Finalización do proceso previsto** 20 Decembro 2019

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Francisco Ramón Durán Villa

**Responsables do seguimento** Comisión de Calidade do Centro

**Análise da(s) causa(s)** Deficiente iluminación dos postos da Sala Lectura de Biblioteca

**Descrición da proposta** Cambio na iluminación dos postos de lectura da Biblioteca da Facultade, cambiando o sistema tradicional por luces led

| Solución proposta | Responsable | Estado | Data requerida |
|---|---|---|---|
| GXH-3.1 - Cambio do sistema de iluminación a luces led | Francisco Ramón Durán Villa | Activa | 20/09/2019 |

**Activa**

# ACCIÓN: GXH-4

**Sistema de xestión** Facultade de Xeografía e Historia

**Finalización do proceso previsto** 19 Decembro 2019

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Francisco Ramón Durán Villa

**Responsables do seguimento** Comisión de Calidade do Centro

**Análise da(s) causa(s)** Carencia de estanterías para colocación de libros no depósito de la Biblioteca de la Facultad

**Descrición da proposta** Adquisición de novas estanterías para la colocación de fondos no depósito da Biblioteca e mellora mejora na distribución do mesmo, optimizando o espacio

| Solución proposta | Responsable | Estado | Data requerida |
|---|---|---|---|
| GXH-4.1 - Adquisición e colocación das estanterías no depósito de Biblioteca da Facultade | Francisco Ramón Durán Villa | Activa | 19/12/2019 |

**Activa**

# ACCIÓN: GXH-5

**Sistema de xestión** Facultade de Xeografía e Historia

**Finalización do proceso previsto** 19 Decembro 2019

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Francisco Ramón Durán Villa

**Responsables do seguimento** Comisión de Calidade do Centro

**Análise da(s) causa(s)** Sitema de iluminación deficiente y antiguado en los pasillos de la Facultad

**Descrición da proposta** Dentro del plan de renovación del sistema de iluminación de los espacios de la Facutad, este año esta previsto acometer la tercera de las fases, que consiste en el cambio al sistema de iluminación led en los pasillos del claustro

| Solución proposta | Responsable | Estado | Data requerida |
|---|---|---|---|
| GXH-5.1 - Cambio del sistema de iluminación dos pasillos do claustro da facultade | Francisco Ramón Durán Villa | Activa | 19/12/2019 |

**Activa**

# ACCIÓN: GXH-6

**Sistema de xestión** Facultade de Xeografía e Historia

**Finalización do proceso previsto** 19 Decembro 2019

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Francisco Ramón Durán Villa

**Responsables do seguimento** Comisión de Calidade do Centro

**Análise da(s) causa(s)** Necesidade de completar os coñecementos e a información do persoal responsable das titulacións da facultade

**Descrición da proposta** Organización dun curso de xestión de calidade, para os membros do equipo da Facultade e dos integrantes das diferentes comisión de títulos

| Solución proposta | Responsable | Estado | Data requerida |
|---|---|---|---|
| GXH-6.1 - Organización e celebración do curso | Francisco Ramón Durán Villa | Activa | 19/12/2019 |

**Activa**

# ACCIÓN: GXH-7

**Sistema de xestión** Facultade de Xeografía e Historia

**Finalización do proceso previsto** 19 Decembro 2019

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Francisco Ramón Durán Villa

**Responsables do seguimento** Comisión de Calidade do Centro

**Análise da(s) causa(s)** Diversidad de criterios formais nos procedementos de elaboración dos TFG

**Descrición da proposta** Realizar un curso de formación para os alumnos sobre os aspectos que deben de recollerse nos TFG e a súa metodoloxía

| Solución proposta | Responsable | Estado | Data requerida |
|---|---|---|---|
| GXH-7.1 - Organización e realización do curso | Francisco Ramón Durán Villa | Activa | 19/12/2019 |

**Activa**

# ACCIÓN: GXH-8

**Sistema de xestión** Facultade de Xeografía e Historia

**Finalización do proceso previsto** 27 Xuño 2019

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Francisco Ramón Durán Villa

**Análise da(s) causa(s)** Carencia nas programacións dos sistemas de evaluar determinadas competencias

**Descrición da proposta** Impulsar por medio das tareas de coordinación e difusión, entre os docentes da facultade, a necesidade de incorporar as cuestións de evaluación das competencias para os alumnos

| Solución proposta | Responsable | Estado | Data requerida |
|---|---|---|---|
| GXH-8.1 - Especificar nas programacións das diferentes materias da titulación, o sistema de evaluación das competencias desnvolvidas polos alumnos no traballo de interactivas dos alumnos | Francisco Ramón Durán Villa | Activa | 27/06/2019 |

**Activa**

# ACCIÓN: GXH-9

**Sistema de xestión** Facultade de Xeografía e Historia

**Finalización do proceso previsto** 21 Novembro 2019

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Francisco Ramón Durán Villa

**Análise da(s) causa(s)** Uso da ferramenta antiplaxio

**Descrición da proposta** Realización de curso de formación para os profesores do centro de uso e manexo da ferramente antiplaxio para evaluación dos traballos dos alumnos

| Solución proposta | Responsable | Estado | Data requerida |
|---|---|---|---|
| GXH-9.1 - Organización de realización de curso sobre ferramentas antiplaxio | Francisco Ramón Durán Villa | Activa | 21/11/2019 |

**Activa**

# ACCIÓN: GXH-10

**Sistema de xestión** Facultade de Xeografía e Historia

**Finalización do proceso previsto** 24 Xullo 2019

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Francisco Ramón Durán Villa

**Análise da(s) causa(s)** Falta de orientación profesional para os egresados do título

**Descrición da proposta** Realización de xornadas de orientación laboral para os estudantes do cuarto curso do Grado

| Solución proposta | Responsable | Estado | Data requerida |
|---|---|---|---|
| GXH-10.1 - Organización e realización das xornadas de orientación laboral | Francisco Ramón Durán Villa | Activa | 24/07/2019 |

**Activa**

Facultade de Xeografía e Historia.
Decano

Praza da Universidade, 1.
15782. Santiago de Compostela
Tfno. 881 812589. Fax: 881 812710
Correo electrónico: zhisdeca@usc.es

**ACTA DA COMISIÓN DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA CELEBRADA O 13 DE XANEIRO DE 2017 ÁS 10,00 EN SEGUNDA CONVOCATORIA, NA SALA DE PROFESORES DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.**

**Orde do día:**

1. **Aprobación, se procede, da acta anterior.**
2. **Informe do Sr. Decano**
3. **Proposta e aprobación, se procede, dos informes de seguimento e renovación da acreditación**
4. **Asuntos urxentes e de trámite**
5. **Rogos e preguntas**

Asistentes: Francisco Durán Villa (Decano), José M. Andrade Cernadas (Secretario en funcións) Profesores: Camilo Fernández Cortizo, Begoña Fernández Rodríguez, Rubén C. Lois González, Pedro López Barja, Juan M. Monterroso Montero, Ana Suárez Piñeiro (P.O. de Xesús Balboa López)
Desculpan: Montserrat Villarino Pérez

**1.- Aprobación, se procede, da acta anterior.**
Apróbase, por asentimento, a acta da reunión celebrada o 16 de Setembro de 2016

**2.- Informe do Sr. Decano.**
Chegou a convocatoria da renovación de acreditación dos másteres. En breve vaise iniciar a preparación das diferentes entrevistas maila documentación necesaria.
A semán próxima o Vicerreitor de Oferta Académica, Roberto López, ten unha reunión na Xunta na que vai tratar o tema da defensa da singularidade dos másteres do centro, ou asociados a el, por falta do número mínimo de estudantes.
**3.- Proposta e aprobación, se procede, dos informes de seguimento e renovación da acreditación.**
Apróbanse, por asentimento, os informes de seguimento dos tres Graos da Facultade.
Despois de que os seus coordinadores fixeron unha exposición das accións de mellora específicas propostas por cada un dos másteres do centro, apróbanse os informes de seguimento e renovación da acreditación no seu caso.

**4.- Asuntos urxentes e de trámite.**
Non hai

**5.- Rogos e preguntas.**
O profesor López Barja pregunta pola composición das comisións nomeadas para a renovación de acreditación dos másteres.

Sendo as 10,25 e, non habendo máis temas a tratar, remata a sesión de todo o que, como Secretario en funcións dou fe.

FRANCISCO DURÁN VILLA — Decano

JOSÉ M. ANDRADE CERNADAS — Secretario en funcións

Facultade de Xeografía e Historia.
Decano

Praza da Universidade, 1.
15782. Santiago de Compostela
Tfno. 881 812589. Fax: 881 812710
Correo electrónico: zhisdeca@usc.es

**ACTA DA COMISIÓN DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA CELEBRADA O 13 DE FEBRERO DE 2017 ÁS 10:00 SEGUNDA CONVOCATORIA, NA SALA DE PROFESORES DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.**

**Orden do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Sr. Decano.
3. Modificación do formato dos informes de seguimento.
4. Asuntos urxentes e de trámite
5. Rogos e preguntas.

**Asistentes:** Francisco Durán Villa (Decano), Fernando Pérez Rodríguez (secretario), José Miguel Andrade Cernadas (coordinador do grao en Historia), Jesús Balboa López (director do departamento de Historia), Begoña Fernández Rodríguez (coordinadora do grao en Arte), Rubén Camilo Lois González (coordinador Máster de Xeografía), Pedro López Barja de Quiroga (coordinador Máster de Arqueoloxía), Juan M. Monterroso Montero (director de departamento e coordinador do Máster de Xestión do Patrimonio).
Desculpa a asistencia: Camilo Fernández Cortizo

**1. Aprobación, se procede, da acta anterior.**
Apróbase, por asentimento, a acta da reunión celebrada o 13 de xaneiro de 2017.

**2. Informe do Sr. Decano.**
Infórmase sobre a actualización dos códigos ISCED-13 (International Standard Classification of Education) para os títulos verificados, sendo os seguintes:
0222 para Historia (Historia e Arqueoloxía)
0213 para Historia da Arte (Belas Artes)
0532 para Xeografía (Ciencias da Terra). Debido ña coincidencia de dito número con Xeología e Mineraloxía, foi solicitado o código 0314.

**3. Modificación do formato dos informes de seguimento.**
Palabras de agradecemento a la vicedecana Begoña Fernández Rodríguez e aos directores dos departamentos polo labor de introducir as modificacións pertinentes nos informes de seguimento. Apróbanse os informes.

**4. Asuntos urxentes e de trámite**
Non hai.

**5. Rogos e preguntas.**

O profesor López Barja de Quiroga expresa algúns problemas coas actas dos másters e os TFM.

Sendo as 10:25 e non habendo máis temas a tratar, remata a sesión de todo o que, como Secretario dou fe.

FRANCISCO DURÁN VILLA
Decano

FERNANDO PEREZ RODRIGUEZ
Secretario

Facultade de Xeografía e Historia.
Decano

Praza da Universidade, 1.
15782. Santiago de Compostela
Tfno. 881 812589. Fax: 881 812710
Correo electrónico: zhisdeca@usc.es

**ACTA DA COMISIÓN DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA CELEBRADA O 2 DE MARZO DE 2017 ÁS 10:00 SEGUNDA CONVOCATORIA, NA SALA DE PROFESORES DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.**

**Orden do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Sr. Decano.
3. Informe da memoria de calidade do centro.
4. Asuntos urxentes e de trámite.
5. Rogos e preguntas.

**Asistentes:** Francisco Durán Villa (Decano), Fernando Pérez Rodríguez (secretario), José Miguel Andrade Cernadas (coordinador do grao en Historia), Jesús Balboa López (director do departamento de Historia), Begoña Fernández Rodríguez (coordinadora do grao en Arte), Pedro López Barja de Quiroga (coordinador Máster de Arqueoloxía), Juan M. Monterroso Montero (director de departamento de Arte e coordinador do Máster de Xestión do Patrimonio), Montserrat Villarino Pérez (coordinadora do grao en Xeografía) y Xaquín Bermello Corominas (alumnado).
**Disculpan asistencia**: Camilo Fernández Cortizo y Rubén Camilo Lois González.

**1. Aprobación, se procede, da acta anterior.**
Apróbase, por asentimento, a acta da reunión celebrada o 13 de febreiro de 2017.

**2. Informe do Sr. Decano.**
Expresa o agradecemento a todos os implicados nos informes de seguimento así como aos participantes na renovación da acreditación dos másters.

Como acción de mellora dentro do Plan Estratéxico do centro, proponse a creación dunha comisión que estaría formada por Francisco Durán Villa, Montserrat Villarino Pérez, Juan M. Monterroso Montero, Begoña Fernández Rodríguez, Mª del Carmen Saavedra Vázquez, José Miguel Andrade Cernadas e Xaquín Bermello Corominas. Queda pendente a sua aprobación ata a próxima reunión.
Infórmase sobre o simulacro de incendio realizado na Facultade destacando que a experiencia non foi positiva ao detectarse múltiples fallos: portas de seguridade bloqueadas, zonas onde a alarma non se oe, etc. É necesario corrixilos canto antes.

**3. Informe da memoria de calidade do centro.**
Palabras de agradecemento a la vicedecana Begoña Fernández Rodríguez e aos directores dos departamentos polo labor de introducir as modificacións pertinentes nos informes. Apróbase o informe da memoria de calidade do centro.

**4. Asuntos urxentes e de trámite**
Non hai.

**5. Rogos e preguntas.**

O profesor López Barja de Quiroga aborda novamente o tema da problemática nas actas dos másters. A este respecto infórmase que o procedemento será contactar cos administrativos dos Departamentos e coa xefa de Unidade Teresa Vázquez Barbarán.

Facultade de Xeografía e Historia.
Decano

Praza da Universidade, 1.
15782. Santiago de Compostela
Tfno. 881 812589. Fax: 881 812710
Correo electrónico: zhisdeca@usc.es

Tamén se informa dos moitos erros e/ou descoidos cometidos no peche e firma das actas tanto dos Graos como dos Másteres. Ante o cal se propón o envío de correos persoais ou chamadas de teléfono aos implicados uns días antes da data oficial do peche.

Sendo as 10:40 e non habendo máis temas a tratar, remata a sesión de todo o que, como Secretario dou fe.

| | |
|---|---|
| FRANCISCO DURÁN VILLA | FERNANDO PEREZ RODRIGUEZ |
| Decano | Secretario |

**ACTA DA COMISIÓN DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA CELEBRADA O 16 DE MAYO DE 2017 ÁS 12:00 SEGUNDA CONVOCATORIA, NA SALA DE PROFESORES DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Sr. Decano.
3. Proposta e aprobación, se procede, das alegacións e plan de mellora dos másteres.
4. Proposta e aprobación, se procede, do Suplemento Europeo aos títulos de máster.
5. Informe da modificación do Tribunal nº1 de TFG do Grao en Historia da Arte.
6. Asuntos urxentes e de trámite.
7. Rogos e Preguntas.

**Asistentes:** Francisco Durán Villa (Decano), Fernando Pérez Rodríguez (secretario), José Miguel Andrade Cernadas (coordinador do grao en Historia), Fernández Cortizo, Camilo (coordinador Máster); Begoña Fernández Rodríguez (coordinadora do grao en Arte), Rubén Camilo Lois González (director do departamento de Xeografía), Pedro López Barja de Quiroga (coordinador Máster de Arqueoloxía), Juan M. Monterroso Montero (director de departamento e coordinador do Máster de Xestión do Patrimonio); Saavedra Vazquez, Mª Carmen (coordinadora do Grao de Historia) y Villarino Pérez, Montserrat (coordinadora do Grado en Xeografía)

**1. Aprobación, se procede, da acta anterior.**
Apróbase, por asentimento, a acta da reunión celebrada o 2 de marzo de 2017.

**2. Informe do Sr. Decano.**
Infórmase da baixa do profesor don Augusto Pérez Alberti o que podería levar posibles cambios nos tribunais dos TFG.
A comisión de calidade debería emitir un escrito dos cargos para o seu recoñecemento nos créditos docentes equivalentes.

**3. Proposta e aprobación, se procede, das alegacións e plan de mellora dos másteres.**
Aprobánse, despois de ser aprobados polas tres comisións académicas, e remitiranse a Calidade para envialos á ACSUG.

**4. Proposta e aprobación, se procede, do Suplemento Europeo aos títulos de máster.**

Facultade de Xeografía e Historia.
Decano

Praza da Universidade, 1.
15782. Santiago de Compostela
Tfno. 881 812589. Fax: 881 812710
Correo electrónico: zhisdeca@usc.es

Apróbase e agradécese o traballo realizado nos másters: Máster Universitario en Xestión do Patrimonio; Máster Universitario en Historia Contemporánea; Máster Universitario en Historia Moderna: Monarquía de España. Seculos XVI-XVIII; Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidades (3ª ed.); y Máster Universitario en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial.

**5. Informe da modificación do Tribunal nº1 de TFG do Grao en Historia da Arte.**
Apróbase o cambio solicitado e o Tribunal nº1 de TFG do Grado en Historia da Arte estará formado por:

Presidente: Alfredo. A. Vigo Trasancos.
Vogal: Miguel Anxo Rodríguez González
Secretario: Santiago Gutiérrez García.

**6. Asuntos urxentes e de trámite.**
Recibiuse unha solicitude de espazo da Facultade por dona Gabriela Prada Rodríguez. Decídese comunicarlle que tería que pagar o correspondente aluguer.

**7. Rogos e preguntas.**
Non hai.

Sendo as 12:13 e non habendo máis temas a tratar, remata a sesión de todo o que, como Secretario dou fe.

FRANCISCO DURÁN VILLA
Decano

FERNANDO PEREZ RODRIGUEZ
Secretario

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Facultade de Xeografía e Historia.
Decano

Praza da Universidade, 1.
15782. Santiago de Compostela
Tfno. 881 812589. Fax: 881 812710
Correo electrónico: zhisdeca@usc.es

**ACTA DA COMISIÓN DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA CELEBRADA O 6 DE XUÑO DE 2017 ÁS 11:00 SEGUNDA CONVOCATORIA, NA SALA DE PROFESORES DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Sr. Decano.
3. Proposta e aprobación, se procede, das liñas temáticas de TFG para o curso 2017/18
4. Solicitude de dispensa de tribunal de TFG.
5. Informe sobre normativas de dispensa e regulamento para as novas titulacións de Grao e Máster.
6. Informe sobre a nova ferramenta antiplaxio e novo módulo para TFG e TFM.
7. Asuntos urxentes e de trámite.
8. Rogos e preguntas.

**Asistentes:** Durán Villa Francisco (Decano), Pérez Rodríguez Fernando (secretario), Fernández Cortizo, Camilo (coordinador Máster); Begoña Fernández Rodríguez (coordinadora do grao en Arte), Miguel Pazos Otón (coordinador do máster de Xeografía), Pedro López Barja de Quiroga (coordinador Máster de Arqueoloxía), Juan M. Monterroso Montero (director de departamento e coordinador do Máster de Xestión do Patrimonio); Saavedra Vazquez, Mª Carmen (coordinadora do Grao de Historia), Villarino Pérez, Montserrat (coordinadora do Grado en Xeografía), Bermello Corominas, Xaquín (alumnado) y Vázquez Barbazán Teresa (persoal de administración e servicios)

**1. Aprobación, se procede, da acta anterior.**

Apróbase, por asentimento, a acta da reunión celebrada o 16 de maio de 2017.

**2. Informe do Sr. Decano.**

Infórmase da convocatoria de axudas para a realización Prácticas de Campo, cuxo remate finaliza o 20 de xuño. Debe entregarse a documentación esixida na Secretaría do Centro antes das 14:00 horas.

En canto ao Plan Director, foron nomeados os profesionais que se encargarán de realizar os informes históricos e histórico-artístico. Falta o nomeamento do documentalista.

Recibiuse o procedemento de avaliación anual no Doutoramento, curso 2016-2017.

Está en proceso a normativa reguladora das titulacións de Grao e Máster na Universidade de Santiago de Compostela. Foi remitida aos Decanos, Directores de Departamento e Coordinadores.

Infórmase dunha reunión relacionada coas PAE na que se harmonizou o calendario e mantense o procedemento habitual das enquisas.

O profesor don Augusto Pérez Alberti segue de baixa o que pode afectar os tribunais de TFG.

O profesor don Miguel Pazos Otón incorpórase como novo coordinador do Máster de Xeografía.

**3. Proposta e aprobación, se procede, das liñas temáticas de TFG para o curso 2017/18**

Foron remitidas as liñas temáticas dos Graos en Historia, Historia da Arte e Xeografía. Apróbanse. (anexo I))

Facultade de Xeografía e Historia.
Decano

Praza da Universidade, 1.
15782. Santiago de Compostela
Tfno. 881 812589. Fax: 881 812710
Correo electrónico: zhisdeca@usc.es

**4. Solicitude de dispensa de tribunal de TFG.**
Á hora de pedir o permiso o profesor debe deixar no seu lugar un substituto

**5. Informe sobre normativas de dispensa e regulamento para as novas titulacións de Grao e Máster.**
Serán a Comisión Académica do Centro no caso dos Graos e as Comisións Académicas de cada Máster as encargadas de outorgar as respectivas dispensas

**6. Informe sobre a nova ferramenta antiplaxio e novo módulo para TFG e TFM.**
Chegou un escrito sobre o tema do antiplagio polo cal foron concedidas 53 licenzas para a Facultade de Xeografía e Historia.
O administrador será o decanato e a repartición entre os departamentos será proporcional.
Un novo módulo de TFG e TFM obriga ao alumno a cubrir os correspondentes datos en tres idiomas na secretaría virtual para iniciar o procedemento. Respecto diso mandarase un aviso ao profesorado para advertir de tal cambio.

**7. Asuntos urxentes e de trámite.**
Non hai.

**8. Rogos e Preguntas.**
Comunícase que a profesora dona Rocío Sánchez Ameijeiras está de baixa.

Sendo as 12:16 e non habendo máis temas a tratar, remata a sesión de todo o que, como Secretario dou fe.

FRANCISCO DURÁN VILLA — Decano

FERNANDO PEREZ RODRIGUEZ — Secretario

**ACTA DA COMISIÓN DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA CELEBRADA O 4 DE OUTUBRO DE 2017 ÁS 10:00 SEGUNDA CONVOCATORIA, NA AULA 13 DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Sr. Decano.
3. Proposta e aprobación, se procede, da asignación de TFG para o curso 2017/18 (anexo I)
4. Proposta e aprobación, se procede, dos tribunais de TFG para o curso 2017/18 (anexo II)
5. Proposta e aprobación, se procede, da asignación de matrículas de honra de TFG para o curso 2016/17
6. Proposta e aprobación, se procede, da asignación de licenzas para o control de paxios para a revisión de TFG e TFM.
7. Asuntos urxentes e de trámite.
8. Rogos e preguntas.

Facultade de Xeografía e Historia.
Decano

Praza da Universidade, 1.
15782. Santiago de Compostela
Tfno. 881 812589. Fax: 881 812710
Correo electrónico: zhisdeca@usc.es

**Asistentes:** Durán Villa, Francisco (Decano); Pérez Rodríguez, Fernando (secretario); Fernández Rodríguez, Begoña (coordinadora do Grao en Historia da Arte); López Barja de Quiroga, Pedro (coordinador do Máster de Arqueoloxía); Monterroso Montero, Juan M. (director do departamento de Historia da Arte e coordinador do Máster de Xestión do Patrimonio); Saavedra Vazquez, Mª Carmen (coordinadora do Grao de Historia).
**Disculpan asistencia**: Pazos Otón, Miguel (coordinador do Máster de Xeografía) y Lois González, Rubén Camilo (director do departamento de Xeografía)

**1. Aprobación, se procede, da acta anterior.**
Apróbase, por asentimento, a acta da reunión celebrada o 6 de xuño de 2017.

**2. Informe do Sr. Decano.**
Pedir desculpas por quedar traspapelado a proposta de reforma do Plan de Estudos do Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio; xa se enviou.

**3. Proposta e aprobación, se procede, da asignación de TFG para o curso 2017/18.**
Asignación de 34 TFG no Grao de Xeografía, de 117 TFG no Grao de Historia e 98 TFG no Grao de Historia da Arte (anexo I). Apróbase.

**4. Proposta e aprobación, se procede, dos tribunais de TFG para o curso 2017/18.**
Apróbanse os tribunais de TFG dos tres Grao, coa incorporación dun novo tribunal en Historia a petición Pedro de López Barja de Quiroga (anexo II)

**5. Proposta e aprobación, se procede, da asignación de matrículas de honra de TFG para o curso 2016/17.**
No grao de Xeografía e Ordenación do Territorio ao alumno Hall Riaza Jonathan Fernando (Sobresaliente, 10)
No grao de Historia aos alumnos e alumnas Santiago Méndez Diego (Sobresaliente, 10), Aragunde Pérez Eloy (Sobresaliente, 10), Lorenzo Rodríguez Abel (Sobresaliente, 10), Torre Arias Carlos de la (Sobresaliente, 7,71) e Frade Mato Alicia (Sobresaliente, 10)
No Grao de Historia da Arte aos alumnos e alumnas González García Ainhoa (Sobresaliente, 10), Fontán Amoedo María Dolores (Sobresaliente, 10), Yáñez Basanta Melania (Sobresaliente, 8,08) e Senín Santiago Mariana (Sobresaliente, 10).

**6. Proposta e aprobación, se procede, da asignación de licenzas para o control de plaxios para a revisión de TFG e TFM.**
Concedéronse 53 licenzas para o control de plaxios plaxio, adoptándose a seguinte repartición:
9 para o grao de Xeografía e Ordenación do Territorio,
14 para o grao de Historia da Arte,
16 para o grao de Historia,
3 para os coordinadores dos Graos,
3 para o decanato
e 8 para os másteres.

**7. Asuntos urxentes e de trámite.**
Notifícanse os cambios realizados no calendario do curso 2017/2018.

Facultade de Xeografía e Historia.
Decano

Praza da Universidade, 1.
15782. Santiago de Compostela
Tfno. 881 812589. Fax: 881 812710
Correo electrónico: zhisdeca@usc.es

**8. Rogos e preguntas.**
Non hai.

Sendo as 10:50 e non habendo máis temas a tratar, remata a sesión de todo o que, como Secretario dou fe.

FRANCISCO DURÁN VILLA
Decano

FERNANDO PEREZ RODRIGUEZ
Secretario

Facultade de Xeografía e Historia.
Decano

Praza da Universidade, 1.
15782. Santiago de Compostela
Tfno. 881 812589. Fax: 881 812710
Correo electrónico: zhisdeca@usc.es

**ACTA DA COMISIÓN DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA CELEBRADA O 20 DE DECEMBRO DE 2017 ÁS 11:30 EN PRIMEIRA CONVOCATORIA E 12:00 EN SEGUNDA, NA AULA 14 DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Sr. Decano.
3. Informe do calendario de seguimento.
5. Informe do calendario do plan estratéxigo e a creación de grupos de traballo.
4. Asuntos urxentes e de trámite.
5. Rogos e preguntas.

**Asistentes:** Durán Villa, Francisco (Decano); Pérez Rodríguez, Fernando (secretario); Fernández Rodríguez, Begoña (coordinadora do Grao en Historia da Arte); Lois González, Rubén Camilo (director do departamento de Xeografía); López Barja de Quiroga, Pedro (coordinador do Máster de Arqueoloxía); Monterroso Montero, Juan M. (director do departamento de Historia da Arte e coordinador do Máster de Xestión do Patrimonio); Pazos Otón, Miguel (coordinador do Máster de Xeografía) e Saavedra Vazquez, Mª Carmen (coordinadora do Grao de Historia).

**1. Aprobación, se procede, da acta anterior.**
Apróbase, por asentimento, a acta da reunión celebrada o 4 de outubro de 2017.

**2. Informe do Sr. Decano.**
Hai que pensar as medidas que se aplicarán aos alumnos que plaxien os traballos

**3. Informe do calendario de seguimento.**
Elaboración dun calendario para a confección dos informes de seguimento dos Graos e Maestrados. As reunións de traballo comenzarán o 9 de enero ás 10:00 horas na Sala de Profesores. O informe debe entregarse en marzo e a memoria en abril.

**4. Informe de calendario do plan estratéxico e a creación de grupos de traballo.**
Respecto ao Plan estratéxico, confeccionarase un calendario de reunións e enviarase a documentación correspondente así como unha proposta para crear os grupos de traballo.

**5. Asuntos urxentes e de trámite.**
No existen asuntos a tratar.

**6. Rogos e preguntas.**
Non hai.

Sendo as 12:20 e non habendo máis temas a tratar, remata a sesión de todo o que, como Secretario dou fe.

FRANCISCO DURÁN VILLA
Decano

FERNANDO PEREZ RODRIGUEZ
Secretario

Facultade de Xeografía e Historia.
Decano

Praza da Universidade, 1.
15782. Santiago de Compostela
Tfno. 881 812589. Fax: 881 812710
Correo electrónico: zhisdeca@usc.es

**Acta da reunión extraordinaria do Sistema de Garantía de Calidade do Centro.**

En Santiago de Compostela, a 27 de abril de 2018, ás 10:30 horas, na Sala de Profesorado da Facultade de Xeografía e Historia, reúnese a Comisión de Sistemas de Garantía do Centro da Facultade de Xeografía e Historia con punto único: Proposta e aprobación, se procede, dos informes de seguimento 2016-17

Asisten á reunión: Durán Villa, Balboa López, Fernández Cortizo, Fernández Rodríguez, López Barja de Quiroga, Pazos Otón, Vázquez Barbazán. Desculpan asistencia: Pérez Rodríguez, Lois González, Monterroso Montero, Pérez Alberti, Saavedra Vázquez

Presentados de forma impresa os informes de seguimento correspondentes ás titulacións de grao e máster da Facultade de Xeografía e Historia, a comisión aprobounos por unanimidade.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10:50 horas.

O SECRETARIO
Miguel Pazos Otón

**ACTA DA COMISIÓN DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA CELEBRADA O 4 DE XUÑO DE 2018 ÁS 12:00 SEGUNDA CONVOCATORIA, NA AULA 13 DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.**

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Sr. Decano.
3. Proposta e aprobación, se procede, das liñas temáticas dos TFG do curso 2018/19
4. Tribunais de TFG.
5. Asuntos urxentes e de trámite.
6. Rogos e Preguntas.

**Asistentes:** Francisco Durán Villa (Decano), Fernando Pérez Rodríguez (secretario), Jesús Balboa López (director do deparamento de Historia), Begoña Fernández Rodríguez (coordinadora do grao en Arte), Pedro López Barja de Quiroga (coordinador Máster de Arqueoloxía) y Juan M. Monterroso Montero (director de departamento e coordinador do Máster de Xestión do Patrimonio); **Disculpa asistencia**: Mª Carmen Saavedra Vazquez (coordinadora do Grao de Historia)

Facultade de Xeografía e Historia.
Praza da Universidade, 3.
15782. Santiago de Compostela

**1. Aprobación, se procede, da acta anterior.**

Apróbanse, por asentimento, as actas das reunións celebradas o 20 de decembro de 2017 e o 27 de abril de 2018.

**2. Informe do Sr. Decano.**

Infórmase sobre o programa de antiplaxio (Turnitin). Desde o punto de vista legal estamos cubertos polos correspondentes artículos dos reglamentos. Proponse poñelo en práctica o próximo curso 2019/19 e aplicar nas titulacións e nos maestrados o mesmo método ou protocolo. En caso de indicios de plaxio, proponse que sexa o titor o encargado de solucionar o tema co alumno. Se non asumise tal labor, será o coordinador correspondente e, en derradeira instancia, a comisión.

**3. Proposta e aprobación, se procede, das liñas temáticas dos TFG do curso 2018/19**

Nas liñas temáticas para os Traballos Fin de Grao causan baixa o profesorado que se xubilou, o Prof. D. Cesar Domínguez do Departamento de Literatura Española, a contratada postdoutoral dona Sonia Vives Miro, e o Prof. D. Carlos Ferrás Sexto (ano sabático)

Tamén se incorporan nalgunhas liñas temáticas as seguintes profesoras e profesores.

No grao en Historia: Rebeca Blanco Rotea, José M. Costa García, María Martín Seijo, David Espinosa Espinosa, Ana Suárez Piñeiro, Mª del Mar Llinares García, Mª del Carmen Saavedra Vázquez, Camilo Fernández Cortizo, Diana Pelaz Flores, Alba Díaz Geada, Lourenzo Fernández Prieto, Alfonso Iglesias Amorín, Eudald Cortina Orero, Patricia Calvo González e Lisandro Cañón Voirín.

No grao de Historia da Arte: Pedro de Llano Neira. Modifícase o descritor da liña temática Estudos sobre Música e Cultura, quedando *"Comprende todas aquelas temáticas que Garden relación coa música occidental, tanto desde o punto de vista histórico como ideolóxico, independentemente do período estilístico ou cronolóxico. Iconografía musical. A música occidental e o seu contexto. Pensamento, ideoloxía e discurso musicial"*.

No grao de Xeografía: Ángel Miramontes Carballada, Juan Manuel Trillo Santamaría e Marcos Almeida Carreira (Derecho público)

Véase anexo

Apróbanse.

**LIÑAS TEMÁTICAS PARA OS TRABALLOS FIN DE GRAO EN HISTORIA DA ARTE**

| |
|---|
| Departamento de: HISTORIA DA ARTE |
| Liña temática: ESTUDOS SOBRE ARQUITECTURA E URBANISMO |
| Breve descritor:<br>Comprende todos aqueles traballos que garden relación coas obras arquitectónicas, e co desenvolvemento e configuración urbana, con independencia do período estilístico ou cronolóxico no que se integren. |
| Profesores:<br>María Dolores Barral Rivadulla; Marta Cendón Fernández; David Chao Castro; Fátima Díez |

| |
|---|
| Platas; Begoña Fernández Rodríguez; María Dolores Fraga Sampedro; José Manuel García Iglesias; Antonio Garrido Moreno; Juan M Monterroso Montero; Fernando Pérez Rodríguez; Andrés A Rosende Valdés; María del Rocío Sánchez Ameijeiras; Jesús A. Sánchez García; Angel Sicart Giménez; Julio Vázquez Castro; Alfredo Vigo Trasancos |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.<br>Ter cursado as materias optativas do Grao de Historia da Arte relacionadas con esta liña temática |

**LIÑAS TEMÁTICAS PARA OS TRABALLOS FIN DE GRAO EN HISTORIA DA ARTE**

| |
|---|
| Departamento de: HISTORIA DA ARTE |
| Liña temática: ESTÉTICA E TEORÍA DAS ARTES |
| Breve descritor:<br>Comprende todos aqueles temas que garden relación coas correntes estéticas e as diferentes presentacións teóricas da disciplina de Historia da Arte |
| Profesores:<br>Fátima Díez Platas; Federico López Silvestre; Juan M Monterroso Montero, Miguel Anxo Rodríguez González; María del Rocío Sánchez Ameijeiras; Jesús Ángel Sánchez García; |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.<br>Ter cursado ou estar cursando as materias optativas do Grao de Historia da Arte relacionadas con esta liña temática |

**LIÑAS TEMÁTICAS PARA OS TRABALLOS FIN DE GRAO EN HISTORIA DA ARTE**

| |
|---|
| Departamento de: HISTORIA DA ARTE |
| Liña temática: ESTUDOS SOBRE MÚSICA E CULTURA |
| Breve descritor:<br>Comprende todas aquelas temáticas que garden relación coa música occidental, tanto dende o punto de vista histórico como ideolóxico, independentemente do período estilístico ou cronolóxico. Iconografía musical. A música occidental e o seu contexto. Pensamento, ideoloxía e discurso musical. |
| Profesores:<br>Javier Garbayo Montanes; Carlos Villanueva Abelairas; Monteserrat Capelán Fernández |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.<br>Ter cursado as materias optativas do Grao de Historia da Arte relacionadas con esta liña temática |

**LÍÑAS TEMÁTICAS PARA OS TRABALLOS FIN DE GRAO EN HISTORIA DA ARTE**

| |
|---|
| Departamento de: HISTORIA DA ARTE |
| Liña temática: ESTUDOS SOBRE ARTES PLÁSTICAS |

| |
|---|
| Breve descritor:<br>Comprende todos aqueles traballos que garden relación coa pintura, escultura, e outras disciplinas artísticas, con independencia do período estilístico ou cronolóxico no que se integren. |
| Profesores:<br>María Dolores Barral Rivadulla; Marta Cendón Fernández; David Chao Castro; Fátima Díez Platas; Begoña Fernández Rodríguez; María Dolores Fraga Sampedro; José Manuel García Iglesias; Antonio Garrido Moreno; José Manuel López Vázquez; Juan M Monterroso Montero; Fernando Pérez Rodríguez; Andrés A Rosende Valdés; María del Rocío Sánchez Ameijeiras; Angel Sicart Giménez; Julio Vázquez Castro; Alfredo Vigo Trasancos; Carme López Calderon. |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.<br>Ter cursado as materias optativas do Grao de Historia da Arte relacionadas con esta liña temática |

**LIÑAS TEMÁTICAS PARA OS TRABALLOS FIN DE GRAO EN HISTORIA DA ARTE**

| |
|---|
| Departamento de: HISTORIA DA ARTE |
| Liña temática: ESTUDOS SOBRE ICONOGRAFÍA |
| Breve descritor:<br>Comprende todos aqueles temas que garden relación coa orixe e a creación de imaxes, así como dos seus diferentes significados, con independencia do período cronolóxico ou estilístico no que se inscriben. |
| Profesores:<br>María Dolores Barral Rivadulla; Marta Cendón Fernández; David Chao Castro; Fátima Díez Platas; Begoña Fernández Rodríguez; María Dolores Fraga Sampedro; José Manuel García Iglesias; José Manuel López Vazquez; Juan M Monterroso Montero; Andrés A Rosende Valdés; María del Rocío Sánchez Ameijeiras; Julio Vázquez Castro; Fco. Javier González García; Israel Sanmartín Barros; Carme López Calderon. |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.<br>Ter cursado as materias optativas do Grao de Historia da Arte relacionadas con esta liña temática |

**LIÑAS TEMÁTICAS PARA OS TRABALLOS FIN DE GRAO EN HISTORIA DA ARTE**

| |
|---|
| Departamento de: HISTORIA DA ARTE |
| Liña temática: PATRIMONIO CULTURAL |
| Breve descritor:<br>Comprende todos aqueles temas que garden relación co campo do Patrimonio, tanto dende o punto do desenvolvemento teórico, como da diferente análise dos sistemas de tutela, conservación e xestión dos distintos bens culturais |
| Profesores:<br>María Dolores Barral Rivadulla; Marta Cendón Fernández; David Chao Castro; Begoña |

| |
|---|
| Fernández Rodríguez; María Dolores Fraga Sampedro; Juan M Monterroso Montero; Jesús Angel Sánchez García; Julio Vázquez Castro; Alfredo Vigo Trasancos. |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.<br>Ter cursado as materias optativas do Grao de Historia da Arte relacionadas con esta liña temática |

**LIÑAS TEMÁTICAS PARA OS TRABALLOS FIN DE GRAO EN HISTORIA DA ARTE**

| |
|---|
| Departamento de: HISTORIA DA ARTE |
| Liña temática: CINE E SOCIEDADE CONTEMPORÁNEA; ARTE, HISTORIA, CULTURA |
| Breve descritor:<br>Comprende todos aqueles temas que garden relación coas diferentes expresións das linguaxes cinematográficas e as súas diferentes evolucións polo paso do tempo |
| Profesores:<br>Xosé Nogueira Otero |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.<br>Ter cursado as materias optativas do Grao de Historia da Arte relacionadas con esta liña temática |

**LIÑAS TEMÁTICAS PARA OS TRABALLOS FIN DE GRAO EN HISTORIA DA ARTE**

| |
|---|
| Departamento de: HISTORIA DA ARTE |
| Liña temática: MOVEMENTOS ARTÍSTICOS CONTEMPORÁNEOS |
| Breve descritor:<br>Comprende todos aqueles temas que garden relación coas manifestacións artísticas relacionadas que se producen como consecuencia das transformacións da sociedade dende finais do século XVIII ata a actualidade |
| Profesores:<br>Enrique Fernández Castiñeiras; José Manuel García Iglesias; Antonio Garrido Moreno; Federico López Silvestre; José Manuel López Vázquez; Juan M Monterroso Montero; Xosé Nogueira Otero; Miguel Anxo Rodríguez González; María del Rocío Sánchez Ameijeiras; Pedro de Llano Neira |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.<br>Ter cursado as materias optativas do Grao de Historia da Arte relacionadas con esta liña temática |

**LÍÑAS TEMÁTICAS PARA OS TRABALLOS FIN DE GRAO EN HISTORIA DA ARTE**

| Departamento de: Literatura española, Teoría da literatura e Lingüística xeral |
|---|
| Liña temática: Literatura e Arte. Literatura comparada |
| Breve descritor:<br>• Estudos propios da Literatura comparada<br>• Interartes (literatura e artes visuais, literatura e música, literatura e cinema…)<br>• Intermedialidade (literatura e cine, televisión, banda deseñada ou novos medios…)<br>• Lectura crítica de textos literarios<br>• Literatura mundial<br>• Semiótica<br>• Análise cultural (teoría e crítica culturais, socioloxía do campo cultural, historia cultural, *cultural studies*) |
| Profesores:<br>César Domínguez Prieto<br>Antonio J. Gil González<br>Santiago Gutiérrez García |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática. |

**LÍNEAS TEMÁTICAS PARA OS TRABALLOS FIN DE GRAO EN HISTORIA DA ARTE**

| Departamento de: Literatura española, Teoría da literatura e Lingüística xeral |
|---|
| Liña temática: Literatura e Arte. Literatura comparada |
| Breve descriptor:<br>• Estudos propios da Literatura comparada<br>• Interartes (literatura e artes visuais, literatura e música, literatura e cinema…)<br>• Intermedialidade (literatura e cine, televisión, banda deseñada ou novos medios…)<br>• Lectura crítica de textos literarios<br>• Literatura mundial<br>• Semiótica<br>• Análise cultural (teoría e crítica culturais, socioloxía do campo cultural, historia cultural, *cultural studies*) |
| Profesores:<br>Antonio J. Gil González |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática. |

LIÑAS TEMÁTICAS PARA OS TRABALLOS FIN DE GRAO EN HISTORIA
CURSO 2018/2019

| Departamento de HISTORIA |
|---|
| Liña temática: Historia da Arqueoloxía |

Facultade de Xeografía e Historia.
Praza da Universidade, 3.
15782. Santiago de Compostela

Breve descritor:

- Trátase de realizar estudios de sínteses e historiográficos críticos sobre investigadores do pasado arqueolóxico, actividades arqueolóxicas, xacementos, culturas, períodos o rexións arqueolóxicas.

Profesorado:

José Carlos Sánchez Pardo

Mercedes Torres Carro

Rebeca Blanco Rotea

José M. Costa García

Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.

- Ter cursado as materias de Arqueoloxía I e II, Prehistoria, Historia Antiga, Medieval e Moderna

Liña temática: Arqueoloxía

Breve descritor:

- Técnicas de investigación básica e aplicada: prospección, escavación, arqueometría, conservación, revalorización e musealización do Patrimonio arqueolóxico e cultura material de calquera época prehistórica ou histórica (da prehistoria, do mundo antigo, medieval e época moderna a –historical archaeology).

Profesorado:

José Carlos Sánchez Pardo

Mercedes Torres Carro

María Martín Seijo

Rebeca Blanco Rotea

José M. Costa García

Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.

- Ter cursado as materias de Arqueoloxía I e II, Prehistoria, Historia Antiga, Medieval e Moderna

Facultade de Xeografía e Historia.
Praza da Universidade, 3.
15782. Santiago de Compostela

| |
|---|
| epartamento de HISTORIA |
| Liña temática: Cultura material romana |
| Breve descritor:<br>Céntrase no estudo específico da cultura material romana e tardo-antiga. Preténdese aprender a analizar os restos materiais desta época no seu contexto, como paso previo á súa interpretación funcional e histórica. Inclúese a análise da cultura material inmoble (materiais e programas construtivos de diverso tipo: habitacionais, funerarios, factorías) e os mobles (cerámica, vidro, metais, etc).<br>Preténdese que o alumnado adquira coñecementos básicos que lle permitan orientar e desenvolver a súa capacidade de investigación na análise da cultura material romana no noroeste peninsular, e que lle posibiliten o acceso ao coñecemento de novos depósitos e á interpretación histórica dos mesmos. |
| Profesorado:<br>Mercedes Torres Carro<br>Ana Mª Suárez Piñeiro |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática:<br>- Recoméndase ter cursado con aproveitamento as materias Arqueoloxía I e II e Historia Antiga II. |

| |
|---|
| Liña temática: Prehistoria do Noroeste Ibérico |
| Breve descritor:<br>• Evolución dos grupos humanos entre o paleolítico e a Idade de Ferro<br>• Arte rupestre<br>• Arqueoloxía dos materiais<br>• Etnoarqueoloxía e Arqueoloxía experimental<br>• Arqueobotánica |
| Profesorado:<br>Ramón Fábregas Valcarce<br>Mª del Mar Llinares García<br>Josefa Rey Castiñeiras<br>Antón Abel Rodríguez Casal<br>María Martín Seijo |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática:<br>- Ter cursado as materias de "Prehistoria I" e "Prehistoria II" cando menos |

| |
|---|
| Departamento de HISTORIA |
| Liña temática: Historia antiga do Próximo Oriente |

| |
|---|
| Breve descritor:<br>• Aspectos relacionados coas antigas culturas do Próximo Oriente (Sumeria, Asiria, Exipto, Imperio Hitita, Persia): sociedade, economía, relixión ou evolución política |
| Profesorado: Ana Mª Suárez Piñeiro |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.<br>- Ter cursado as materias optativas de Historia Antiga. Coñecemento suficiente dunha lingua moderna, preferentemente inglés ou francés |
| Liña temática: Historia da Grecia Antiga |
| Breve descritor:<br>• Aspectos históricos relacionados coa historia de Grecia: sociedade, institucións, mentalidade, economía, relixión ou evolución política.<br>• Análise de fontes antigas, tanto literarias como epigráficas ou arqueolóxicas, dende o punto de vista da historiadora e historiador. |
| Profesorado:<br>David Espinosa Espinosa<br>Xosé Anxo Fernández Canosa<br>Marco García Quintela<br>Francisco Javier González García<br>Pedro López Barja de Quiroga.<br>Ana Suárez Piñeiro<br>Manuel Villanueva Acuña |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.<br>- Ter cursadas as materias optativas de Historia Antiga. Coñecemento suficiente dunha lingua moderna, preferentemente inglés ou francés. |

| |
|---|
| Departamento de HISTORIA |
| Liña temática: Historia da Roma antiga (VIII a.C. – V d.C.) |
| Breve descritor:<br>• Aspectos históricos relacionados coa historia de Roma ou ben a historia das súas provincias: sociedade, institucións, mentalidade, economía, relixión, ou evolución política.<br>• Análise de fontes antigas, tanto literarias como epigráficas ou arqueolóxicas, dende o punto de vista da historiadora e historiador. |

Profesorado:
David Espinosa Espinosa
José Ángel Fernández Canosa
Marco García Quintela Francisco Javier González García Pedro López Barja de Quiroga. Ana Suárez Piñeiro
Manuel Villanueva Acuña

Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.

- Ter cursadas as materias optativas de historia antiga. Coñecemento suficiente dunha lingua moderna, preferentemente inglés ou francés.

Liña temática: Historia dos Pobos Prerromanos de Europa Antiga

Breve descritor:

- Aspectos históricos relacionados coa historia dos Pobos Prerromanos da Europa Antiga (con especial referencia á Península Ibérica): sociedade, institucións, mentalidade, economía, relixión ou evolución política.
- Análise de fontes antigas, tanto literarias como epigráficas ou arqueolóxicas, dende o punto de vista da historiadora e historiador.

Profesorado:
David Espinosa Espinosa
Marco García Quintela
Francisco Javier González García
Pedro López Barja de Quiroga
Ana Suárez Piñeiro

Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.

- Ter cursadas as materias optativas de historia antiga. Coñecemento suficiente dunha lingua moderna, preferentemente inglés ou francés.

Departamento de HISTORIA

Liña temática: Teoría e Práctica en Arqueoloxía Prehistórica e Protohistórica

Breve descritor:

- Atender ós seguintes aspectos relacionados, prestando especial atención ó ámbito galego:
- Modelos aplicados ó estudo das sociedades prehistóricas e protohistóricas
- Técnicas de investigación básica e aplicada á Prehistoria-Técnicas de Laboratorio: arqueobotánica

Profesorado:

Ramón Fábregas Valcarce

Mª del Mar Llinares García

Antón A. Rodríguez Casal

Josefa Rey Castiñeiras

Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.

- Cursar o ter cursadas as materias optativas de Prehistoria. Coñecemento suficiente dunha lingua moderna, preferentemente inglés e/ou francés.

## Liña temática: Poboación e Economía na Idade Moderna

Breve descritor:

Liña temática orientada ao coñecemento dos resultados máis salientables acadados nos últimos anos pola investigación europea nos diferentes campos da Demografía Histórica e da Historia Social das Poboacións da Época Moderna en materias tan dispares como a familia, as migracións, a mortalidade ou a fecundidade, o envellecemento e o cambio social.
Así mesmo, inclúese a análise de diversos temas da economía do Antigo Réxime, como a evolución das paisaxes e sistemas agrarios nos séculos XVI-XVIII. As formas da propiedade da terra e as características das unidades de explotación. Protoindustrialización, industria rural e industria urbana. Actividades mercantís, crédito e banca. Principais correntes de pensamento económico da Época Moderna.

Profesorado:
Isidro Dubert García
Camilo Fernández Cortizo
Domingo González Lopo
Hortensio Sobrado Correa
Mª del Carmen Saavedra Vázquez
Pegerto Saavedra Fernández

Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta Liña temática.

- Recomendase cursar a materia optativa *Economía e Sociedade na Época Moderna*

Departamento de HISTORIA

## Liña temática: Sociedade e Política na Idade Moderna

Breve descritor:

Liña temática orientada ao coñecemento das características principais da sociedade do Antigo Réxime, tanto no que se refire a súa estrutura como a súa dinámica interna. O que inclúe, entre outros aspectos, o desenvolvemento de cuestións básicas e primordiais, como a estrutura do sistema de estratificación social, os seus indicadores, os grupos que o conforman, a súa xerarquía e articulación mutua, as estratexias de mobilidade, etc.

Así mesmo, inclúense nesta liña temática traballos que se centren no coñecemento dos mecanismos de funcionamento político do Antigo Réxime, dedicando unha especial atención aos ámbitos de actuación característicos deste: o despregue administrativo, a organización da xustiza, o desenvolvemento da facenda e a regulación da actividade militar. Partindo destes presupostos, analizarase a evolución política dos principais países europeos e as resistencias e a conflitividade derivadas da posta en marcha das medidas gobernamentais. Sen esquecer a política exterior, os seus instrumentos, condicionantes e evolución.

Profesorado:

Isdro Dubert García
Camilo Fernández Cortizo
Roberto López López
Vítor Manuel Migués Rodríguez
Hortensio Sobrado Correa
Mª del Carmen Saavedra Vázquez
Pegerto Saavedra Fernández

Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta Liña temática.

Recomendase cursar algunha das materia optativas: *Economía e Sociedade na Época Moderna* e *Cultura e poder na Idade Moderna.*

Departamento de HISTORIA

Liña temática: Cultura e Mentalidades na Idade Moderna

Breve descritor:

Liña temática orientada coñecemento das fontes documentais, dos métodos e dos resultados, problemas, e tendencias historiográficas da cultura e das mentalidades na Época Moderna. O estudo e comprensión dos fundamentos culturais e ideolóxicos dos comportamentos individuais e colectivos. A difusión cultural e os seus instrumentos: libro, prensa periódica, teatro, viaxes, etc.. A alfabetización, a educación e o ensino nos seus diferentes niveis. A cultura popular e as súas manifestacións. Crenzas e prácticas relixiosas. Os sistemas de censura e de control. As ciencias e as técnicas. A diversidade cultural por cuestións de xénero, lingua, relixión. Evolución e movementos culturais, resistencias e avances durante a Idade Moderna

Profesorado:

Domingo González Lopo
Roberto López López
Mª del Carmen Saavedra Vázquez
Camilo Fernández Cortizo

Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta Liña temática.

- Recomendase cursar a materia optativa *Cultura e poder na Idade Moderna.*

Liña temática: **Historia Medieval**

Breve descritor:

Dimensión social, política, económica e cultural das sociedades do occidente medieval.

Profesorado:

Fernando López Alsina
Diana Pelaz Flores
Mª Luz Ríos Rodríguez
José Miguel Andrade Cernadas
Israel Sanmartín Barros
David Chao Castro

Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta Liña temática.

- Recomendase cursar as materias optativas da área de Historia Medieval.

Liña temática: **Historiografía**

Breve descritor:

A evolución das diferentes concepcións da historia, como unha posible fórmula do coñecemento ao longo do tempo e a súa concreción no labor dos diferentes autores e tendencias nos estudos e investigacións de carácter histórico. En síntese, a historia da historia.

Profesorado: Israel Sanmartín Barros

Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta Liña temática.

- Recomendase cursar a materia *Historiografía*

Departamento de HISTORIA

Liña temática: **Historia Contemporánea**

Breve descritor:

- Historia das sociedades rurais contemporáneas
- Historia política e das ideoloxías contemporáneas
- Historia e xénero no mundo contemporáneo
- Historia do mundo laboral na época contemporánea
- Nacionalización e cidadanía no mundo contemporáneo
- Historia social e cultural contemporánea
- Ditaduras do século XX, transicións e políticas da memoria
- Historiografía Moderna e Contemporánea
- Historia de África e Asia
- Historia ambiental
- Historia económica
- Historia das migracións

Profesorado:

Aurora Artiaga Rego
Xesús Balboa López
Margarita Barral Martínez
Mª Jesús Baz Vicente
Miguel Cabo Villaverde
Alba Díaz Geada
Lourenzo Fernández Prieto
Emilio Grandío Seoane
Alfonso Iglesias Amorín
Antonio Míguez Macho
Xosé M. Núñez Seixas
Eduardo Rico Boquete
Ramón Villares Paz

Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta Liña temática.

A preparación do estado da cuestión coa bibliografía máis actualizada require dunha mínima capacidade de lectura comprensiva en inglés. O inicio no traballo e crítica de fontes (documentais, hemerográficas, orais...) poder esixir segundo os casos unha fase de identificación e procura de fontes á que o alumnado ten que estar disposto. O alumnado comprométese á programación do traballo coa titora ou titor e a un seguimento mensual do mesmo.

Departamento de HISTORIA

Liña temática: Historia de América

Breve descritor:

- Historia Precolonial e Colonial.
- Relacións España – América: migracións/intercambios culturais e diplomacia.
- Historia Política Latinoamericana, século XX: violencia, mobilización, memoria e Guerra Fría.
- Sociabilidade, cultura e pensamento en América Latina, ss. XVI-XX.

Profesorado:

Pilar Cagiao Vila
Mª Luisa Pazos Pazos
Eduardo Rey Tristán
Eudald Cortina Orero
Patricia Calvo González
Lisandro Cañón Voirín

Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.

A preparación do estado da cuestión coa bibliografía máis actualizada require dunha mínima capacidade de lectura comprensiva en inglés; O inicio no traballo e crítica de fontes (documentais, hemerográficas, orais...) poder esixir segundo os casos unha fase de identificación e procura de fontes á que o alumno/a ten que estar disposto/a. O alumnado

| |
|---|
| comprométese á programación do traballo co titor/a e un seguimento mensual do mesmo |

LIÑAS TEMÁTICAS PARA OS TRABALLOS FIN DE GRAO EN HISTORIA

| |
|---|
| Departamento de: Historia |
| Liña temática: Historia das Mulleres-Historia de xénero |
| Breve descritor:<br>Liña temática orientada ao coñecemento da problemática social que compartiron poróns e mulleres ao longo da Historia segundo os cambios producidos pola categoría de xénero. A través da selección dun suxeito de estudo, individual ou colectivo, espérase que o alumnado se aproxime á realidade histórica desde unha perspectiva plural, e que poida coñecer os resultados derivados da investigación nos últimos años.<br>Pode incluír traballos relacionados coa construción de identidades culturais dos sexos (tanto masculinidade como feminidade) e coa participación das mulleres no seu contexto político, socioeconómico, cultural ou espiritual. Poderán desenvolverse traballos relacionados coa Historia das mulleres en América Latina. Nesta liña tamén se incluirá a Historia do feminismo, coincidindo coa caída do Antigo Réxime e coa chegada da Era Contemporánea. |
| Profesorado:<br>Mª Jesús Baz Vicente<br>Pilar Cagiao Vila<br>Mª del Mar Llinares García<br>Diana Pelaz Flores<br>Ofelia Rey Castelao<br>Ana Mª Suárez Piñeiro |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.<br>- Recoméndase cursar as materias optativas do ámbito cronolóxico que vai ser tratado no traballo (Prehistoria, Historia Antiga, Historia Medieval, Historia Moderna, Historia de América ou Historia Contemporánea). Ter capacidade mínima de lectura comprensiva en inglés ou francés, e coñecer minimamente as fontes da época na que será obxecto de estudo. |

LIÑAS TEMÁTICAS PARA OS TRABALLOS FIN DE GRAO EN XEOGRAFÍA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

| |
|---|
| Departamento de Xeografía . Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola |
| Liña temática: **Bioxeografía, Espazos naturais, Climatoloxía aplicada, Cambio climático e Paleoambiente** |

Facultade de Xeografía e Historia.
Praza da Universidade, 3.
15782. Santiago de Compostela

Departamento de Xeografía

Breve descriptor:

Estudos bioxeográficos relacionados cos aspectos ecolóxicos, biocenóticos e corolóxicos: relacións dos seres vivos co medio e influencia dos factores abióticos e bióticos na súa distribución, expansión e regresión (paleobioxeografía).

Análise do patrimonio natural do territorio. Espazos naturáis protexidos: análise da biodiversidade, medidas de conservación e rexeneración, actividades e equipamentos de uso público, educación e interpretación ambiental, redes de senderos para a xestión, a sensibilización e o ocio, cartografía cara a planificación e a divulgación.

Bioclimatoloxía e biometeoroloxía. Meteoropatías. Climas urbanos. Agroclimatoloxía. Potencial climático-turístico. Riscos climáticos. Recursos climáticos. Tempo, clima e contaminación atmosférica. Cambios e tendencias climáticas. Microclimas e topoclimas. Cartografía climática. Diagnósticos climáticos. Análise da aptitude climática do territorio.

Estudos dos cambios ambientais durante o Cuaternario. Evidencias das presenzas dos cambios. Pautas do cambio ambiental: evidencias do cambio a longo prazo. Cambios climáticos globais durante o último período frío. Causas dos cambios climáticos a longo prazo. Causas e pautas dos cambios climáticos a curto prazo. Transicións climáticas durante o Holoceno. Consecuencias dos cambios climáticos.

Profesores:

Alberto Martí Ezpeleta

Luis Rodríguez Lado

Marcos Valcárcel Díaz

Manuela Costas Casáis

Eduardo García-Rodeja Gayoso

Teresa Taboada Rodríguez

Francisco Xabier Pontevedra Pombal

Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.

Departamento de Xeografía

Liña temática: **Dinámicas xeodemográficas**

Breve descritor:

O estudo xeográfico da poboación: definición, contidos e evolución. Emprego das diferentes fontes estatísticas. A distribución espacial da poboación. O movemento natural. As formas de mobilidade espacial. Os movementos migratorios e a súa tipoloxía. A estrutura demográfica. A poboación e a actividade económica.

Profesores:

José Antonio Aldrey Vázquez

Francisco R. Durán Villa

Rubén Camilo Lois González

Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática.

Facultade de Xeografía e Historia.
Praza da Universidade, 3.
15782. Santiago de Compostela

| Liña temática: **Espazo Rural e Desenvolvemento Local** |
|---|
| Breve descritor:<br>Estudos das sociedades humanas que neles viven e organizan o seu territorio. Despoboamento e desertización do rural. Avellentamento e servizos para a dependencia. Revitalización demográfica do rural. A muller rural.<br>Actividades económicas (agrarias e non agrarias) en áreas rurais. Sistemas agrarios no mundo. Multifuncionalidade e postprodutivismo. Redes agroalimentarias alternativas, circuítos curtos, produtos de calidade, comercio xusto. A problemática do mantemento dos servizos no rural. As segundas residencias. Turismo rural e agroturismo.<br>Impacto paisaxístico das actividades económicas. Paisaxes rurais e patrimonio cultural. Cambios de usos e cobertura do solo no rural. Conflitos e percepcións do rural.<br>Ordenación e planificación rurais. Potencialidades de desenvolvemento sustentable do espazo rural a escala local. Gobernanza do rural e mantemento dos pequenos concellos. |
| Profesores:<br>José Antonio Aldrey Vázquez<br>Rubén Camilo Lois González<br>José Manuel López Andión<br>María José Piñeira Mantiñán<br>Xosé Manuel Santos Solla<br>Valerià Paül Carril<br>Juan Manuel Trillo Santamaría<br>Ángel Miramontes Carballada |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática. |

| Departamento de Xeografía |
|---|
| Liña temática: **Ordenación e desenvolvemento territorial e ambiental** |

Breve descritor:

Caracterización e análise dos elementos e factores que inciden no territorio. Estudos dos elementos e variables xeográficas de repercusión na ordenación e desenvolvemento territorial (análise, diagnose e proposicións). A integración de coñecementos na planificación territorial. A OT como exercicio de planificación. Estudos dos tipos de planificación. Fases da planificación. Definicións de modelos territoriais, etc.

Organización dun plan-instrumento de OT: técnica-xestión política. Análise dos instrumentos de ámbito estatal. Análise e estudo dos instrumentos de ámbito rexional (Análise das Directrices de OT existentes en España: documentación que conteñen, metodoloxías, formulacións...); ou de instrumentos de ámbito subrexional (Análise dos existentes nas diferentes CCAA). Instrumentos sectoriais de incidencia territorial (Análise dos existentes nas diferentes CCAA). Instrumentos de OT considerados na lexislación galega: avaliación dos existentes e propostas de posibles novos plans. Planeamento urbanístico: elaboración de contidos e definición dos Plans Xerais e outros instrumentos de planificación derivada.

Nesta liña temática tamén terán cabida estudos relacionados coa paisaxe: elementos e factores que interveñen na súa xénese. Funcionamento e dinámica da paisaxe. A paisaxe como manifestación cultural e natural e como percepción do territorio. Caracterización, clasificación e descrición das unidades de paisaxe. Tipos de paisaxes en Galicia. Lexislación sobre Paisaxe: da Convención Europea da Paisaxe á Lei da Paisaxe de Galicia. O papel da paisaxe na Ordenación do territorio. Paisaxe Cultural e Patrimonio. Paisaxe Natural e Medio. Percepción da paisaxe e participación pública. Os problemas de conservación da paisaxe. O impacto das transformacións recentes na paisaxe.

Marco lexislativo territorial e medioambiental e as súas implicacións para o caso galego, estatal e comunitario. Planificación e xestión de espazos naturais protexidos. Participación pública e planificación.

Profesores:

José Antonio Aldrey Vázquez

Valerià Paül Carril

Rubén Camilo Lois González

Miguel Pazos Otón

María José Piñeira Mantiñán

Xose Manuel Santos Solla

Juan Manuel Trillo Santamarina

Ángel Miramontes Carballada

Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática

## ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Departamento de Xeografía

Liña temática: **Proceso de urbanización e dinámicas urbanas**

| |
|---|
| Breve descritor: |
| Estudos relacionados cos ciclos do proceso de urbanización e os modelos de Desenvolvemento Urbano. Metodoloxías para o estudo da cidade. Análise do plano e da morfoloxía urbana. As teorías sociolóxicas e os conflitos sociais na cidade. Estrutura urbana e Mobilidade. Funcións e Economía Urbana. O sistema urbano: compoñentes e procesos. A competitividade urbana e a internacionalización das cidades. As áreas metropolitanas e as rexións urbanas. As políticas urbanas: urbanismo, planificación estratéxica e mercadotecnia operativa. Estudo de casos: cidades de excelencia. Cidade, sustentabilidade e calidade de vida. A Xeografía Urbana de Galicia. O futuro das cidades: os novos modelos urbanos. |
| Profesores:<br>José Antonio Aldrey Vázquez<br>Rubén Camilo Lois González<br>Miguel Pazos Otón<br>María José Piñeira Mantiñán<br>Xosé Manuel Santos Solla |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática. |

| |
|---|
| Departamento de Xeografía |
| Liña temática: **Xeografía Económica, social e cultural** |
| Breve descritor: |
| Estudos que poñan en relación o espazo xeográfico e o espazo económico. Estrutura e funcionamento do sistema económico: a súa lóxica espacial, singularidades e fases. O circuíto económico. A estrutura do sistema produtivo: sectores e factores de produción. As descontinuidades económicas espaciais: a organización rexional no tempo e no espazo. Formación, organización, estrutura e funcionamento da economía en perspectiva global.<br>Estudos da construción, funcionamento e organización do territorio en función das variables sociais e culturais. Aplicación dos conceptos básicos da xeografía social e cultural. Coñecemento e aplicación das fontes para as análises cuantitativa e cualitativa. Manexo dos indicadores sociais que permitan analizar o uso diferencial do espazo. Os grupos sociais: formación, comportamento e uso diferencial do territorio. Diferenciación e recoñecemento de áreas culturais. |
| Profesores:<br>José Antonio Aldrey Vázquez<br>Rubén Camilo Lois González<br>Miguel Pazos Otón<br>Valerià Paül Carril<br>Xosé Manuel Santos Solla,<br>Juan Manuel Trillo Santamaría<br>Ángel Miramontes Carballad |

Facultade de Xeografía e Historia.
Praza da Universidade, 3.
15782. Santiago de Compostela

| |
|---|
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática. |

| |
|---|
| Departamento de: Xeografía<br>Departamento de: Edafoloxía e Química Agrícola |
| Liña temática: **Xeomorfoloxía e Edafoloxía** |
| Breve descritor:<br>Estudos de axentes, factores e procesos xeomorfolóxicos e edáficos. Os factores estruturais na construción das formas do relevo. A estrutura xeolóxica e a súa influencia na configuración do relevo. Estudos relacionados co control litolóxico do modelado. Dinámica e evolución das abas. Dinámica e evolución dos solos. Procesos fluviais. Dinámicas xeocriológicas presentes y pasadas. Procesos e formas eólicas. Procesos litorais. O papel antrópico. Riscos de orixe xeomorfolóxica. Cartografía xeomorfolóxica e edáfica. Solos e ordenación do territorio. Análise dos recursos edáficos. Recursos xeolóxicos e xeomorfolóxicos. |
| Profesores:<br>Marcos Valcárcel Díaz<br>Manuela Costa Casais<br>Alberto Martí Ezpeleta<br>Teresa Taboada Rodríguez<br>Eduardo García-Rodeja Gayoso<br>Luis Rodríguez Lado<br>Francisco Xabier Pontevedra Pombal |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática. |

| |
|---|
| Departamento de: Dereito Público e Teoría do Estado |
| Liña temática: A incidencia da regulación normativa sobre o territorio |
| Breve descriptor:<br>Nesta liña estudaranse problemáticas relevantes e de actualidade relacionadas, entre outras, coas seguintes cuestións:<br><br>1.- Regulación do medio urbano e rural.<br>2.- Protección do medioambiente.<br>3.- Protección da paisaxe. |
| Profesor:<br>Marcos Almeida Cerreda |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática. |

**LIÑAS TEMÁTICAS PARA OS TRABALLOS FIN DE GRAO EN**

Facultade de Xeografía e Historia.
Praza da Universidade, 3.
15782. Santiago de Compostela

**XEOGRAFÍA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

| |
|---|
| Departamento de: Dereito Público e Teoría do Estado |
| Liña temática: A incidencia da regulación normativa sobre o territorio |
| Breve descriptor:<br>Nesta liña estudaranse problemáticas relevantes e de actualidade relacionadas, entre outras, coas seguintes cuestións:<br>1.- Regulación do medio urbano e rural.<br>2.- Protección do medioambiente.<br>3.- Protección da paisaxe. |
| Profesor:<br>Marcos Almeida Cerreda |
| Recomendacións necesarias para realizar o TFG nesta liña temática. |

**4. Tribunais de TFG.**

No tribunal nº 7 do grao de Historia de Arte o prof. Juan Manuel Monterroso Montero cubre a baixa da profª Rocío Sánchez Ameijeiras. No momento que a citada profesora incorpórese decaerá a mencionada substitución.

**5. Asuntos urxentes e de trámite.**

Non hai

**6. Rogos e Preguntas.**

**Non hai**

Sendo as 12:30 e non habendo máis temas a tratar, remata a sesión de todo o que, como Secretario dou fe.

FRANCISCO DURÁN VILLA — Decano

FERNANDO PEREZ RODRIGUEZ — Secretario

**ACTA DA COMISIÓN DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE (reunión extraordinaria) DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA CELEBRADA O 25 DE XUÑO DE 2018 ÁS 11:30, NA SALA DE PROFESORES DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.**

**Orde do día:**

**Punto único: proposta e aprobación, se procede, da modificación do plan de estudos do grao en Xeografía e Ordeación do Territorio**

Facultade de Xeografía e Historia.
Praza da Universidade, 3.
15782. Santiago de Compostela

**Asistentes:** Francisco Durán Villa (Decano), Fernando Pérez Rodríguez (secretario), Jesús Balboa López (director do departamento de Historia), Camilo Fernández Cortizo (coordinador do Máster de Moderna), Miguel Pazos Otón (coordinador Máster de Xeografía), Rubén Camilo Lois González (director do departamento de Xeografía) e Mª Teresa Vázquez Barbazán (xestora do centro).
**Disculpa asistencia**: Begoña Fernández Rodríguez (coordinadora do grao en Arte) e Juan M. Monterroso Montero (director do departamento de Historia da Arte e coordinador do Máster de Xestión do Patrimonio)

**Punto único: proposta e aprobación, se procede, da modificación do plan de estudos do grao en Xeografía e Ordeación do Territorio.**
O Sr. Decano e o Sr. Director do departamento de Xeografía e Ordeación do Territorio expoñen as alteracións e modificacións introducidas no plan de estudos do Grao de Xeografía e Ordeación do Territorio para a súa viabilidade. En consecuencia, apróbase, por asentimiento, a modificación do plan de estudos do grao en Xeografía e Ordeación do Territorio (véxase a documentación adxunta)

Sendo as 11:46 e non habendo máis temas a tratar, remata a sesión de todo o que, como Secretario dou fe.

FRANCISCO DURÁN VILLA — Decano

FERNANDO PEREZ RODRIGUEZ — Secretario

**ACTA DA COMISIÓN DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA CELEBRADA O 14 DE SETEMBRO DE 2018 ÁS 12:00, NA SALA DE PROFESORES DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.**

**Orde do día:**

1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesión anteriores.
2.- Informe do Sr. Decano
3.- Proposta e aprobación, se procede, da asignación de traballos fin de grao 2018-19.
4.- Proposta e aprobación, se procede, dos tribunais dos traballos fin de grao 2018-19.
5.- Liñas temáticas.
6.- Proposta e aprobación, se procede, do protocolo de uso da ferramenta antiplaxio Turnitin.
7.- Asuntos urxentes e de trámite.
8.- Rogos e preguntas.

**Asistentes:** Francisco Durán Villa (Decano), Fernando Pérez Rodríguez (secretario), Begoña Fernández Rodríguez (coordinadora do grao en Arte), Miguel Pazos Otón (coordinador Máster de Xeografía), López Barja de Quiroga, Pedro (coordinador do Máster de Arqueoloxía), Juan M. Monterroso Montero (director do departamento de Historia da Arte e coordinador do Máster de Xestión do Patrimonio), Núñez Seixas, Xosé Manuel (coordinador do Máster de Historia Contemporánea) e Mª Teresa Vázquez Barbazán (xestora do centro).

**1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesión anteriores.**
Apróbase, por asentimento, as actas das reunións celebradas o 4 e o 25 de xuño de 2018.

**2.- Informe do Sr. Decano**
Lembra que o Departamento de Xeografía debe enviar canto antes os nomes dos coordinadores.
O inicio do curso foi tranquilo.
Debido ao roubo de ratos na aula 4, compráronse uns novos por valor de 100 euros.
É pertinente enviar un escrito ao profesorado lembrando que o uso da fotocopiadora sexa, preferentemente, no horario da mañá.
Tal como estaba acordado, ingresouse 1000 euros aos mestrados que deben gastar antes de decembro.
Recibiuse un escrito do profesor Isidro Dubert coa petición de eliminar aos titores dos tribunais dos TFG. O decano solicitará a información oportuna e este tema volverá ser tratado na próxima reunión da comisión.

**3.- Proposta e aprobación, se procede, da asignación de traballos fin de grao 2018-19.**
Admítese a asignación do TFG de Eloy Basanta Lois, a pesar de presentarse fóra de prazo.
Rexéitase a solicitude de que Andrés Teira Brión sexa cotitor no TFG do alumno Antonio González López, por non ser profesor desta facultade ni do grado en Historia.
O TFG do alumno Enrique Refogo Ferreirós será cotutorizado polos profesores Miguel Pazos Otón e Juan Manuel Trillo Santamaría.
O TFG do alumno Alejandro Pazó Fernández será cotutorizado polos profesores Iván Villarmea Álvarez e Pedro de Llano Neira.

**4.- Proposta e aprobación, se procede, dos tribunais dos traballos fin de grao 2018-19.**
Apróbanse os tribunais dos TFG.

**5.- Liñas temáticas.**
Os profesores Ramón Blanco Chao e Marcos Valcárcel Díaz incorpóranse ás liñas temáticas

**6.- Proposta e aprobación, se procede, do protocolo de uso da ferramenta antiplaxio Turnitin.**
Apróbase o protocolo de uso da ferramenta antiplaxio Turnitin (véase documento adxunto)

Facultade de Xeografía e Historia.
Praza da Universidade, 3.
15782. Santiago de Compostela

Hai suficientes licenzas para todos os graos e mestrados.
Remitiráse o manual de Turnitin e solicitarase un curso sobre o manexo de turnitin

**7.- Asuntos urxentes e de trámite.**
Infórmase, para a sua aprobación, de dous cambios nos horarios do curso 2018-19:
Intercambio dos días de Prácticas de Campo entre as materias Historia e Cultura da Epoca Antiga e Historia e Cultura da Epoca Medieval.
A interactiva dá materia Lexislación ambiental impartirase os luns en horario de 13:00 a 14:00 e a expositiva de Fundamentos SIX pasará aos martes en horario de 11:00 a 12:00 h.

**8.-** Rogos e preguntas
Non hai.

Sendo as 13:05 e non habendo máis temas a tratar, remata a sesión de todo o que, como Secretario dou fe.

FRANCISCO DURÁN VILLA — Decano

FERNANDO PEREZ RODRIGUEZ — Secretario

**ACTA DA COMISIÓN DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA CELEBRADA O 9 DE OUTUBRO DE 2018 ÁS 13:00, NA SALA DE PROFESORES DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.**

**Orde do día:**

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior**.**
2.- Informe do Sr. Decano
3.- Proposta e aprobación, se procede, da asignación de matrículas de honra dos TFG do curso 2018-19**.**
**4.-** Asuntos urxentes e de trámite**.**
**5.-** Rogos e preguntas.

**Asistentes:** Francisco Durán Villa (Decano), Fernando Pérez Rodríguez (secretario), Jesús Balboa López (director do departamento de Historia), Miguel Pazos Otón (coordinador Máster de Xeografía), López Barja de Quiroga, Pedro (coordinador do Máster de Arqueoloxía), Rubén Camilo Lois González (director do departamento de Xeografía), e Mª Teresa Vázquez Barbazán (xestora do centro).

Desculpan asistencia: Begoña Fernández Rodríguez (coordinadora do grao en Arte), Juan M. Monterroso Montero (director do departamento de Historia da Arte e coordinador do Máster de Xestión do Patrimonio), Núñez Seixas, Xosé Manuel (coordinador do Máster de Historia Contemporánea) y Saavedra Vázquez, Mª Carmen (coordinadora do grao en Historia)

**1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.**
Apróbase, por asentimento, a acta da reunión celebrada o 1 de setembro de 2018.

**2.- Informe do Sr. Decano**
Admitíronse máis TFG
Corrixíronse os Tribunais de TFG de acordo ao criterio da categoría de antigüidade
Xose Manuel Santos Solla é o coordinador do grao de Xeografía

**3.- Proposta e aprobación, se procede, da asignación de matrículas de honra dos TFG do curso 2018-19.**

Non grao en Xeografía e Ordenación do Territorio a matrícula de honra obtívoa Iván Canosa Villaverde (9 + 8,24)
No grao en Historia da Arte as matrículas de honra obtivéronas: Fanny Bourdon Fernández (10 + 8,32); Alicia Losada García (10 + 8,41); Sergio Meijide Casas (10 + 9,28), Sara Moure López (10 + 9,61) y Clara Reigosa Lombao (10 + 9).
No grao en Historia da Arte as matrículas de honra obtivéronas:
Mª Guadalupe Castro González (9 + 8,54); Javier Domínguez Oubiña (10 + 8,64); José Javier Fuentes Rial (9 + 8,46), Mateo Martínez Torres (9,5 + 7,72) y Xabier Silva Simón (9,5 + 8,87)
Apróbase a asignación das matriculas de honra anteriores.

**4.- Asuntos urxentes e de trámite.**
Non hai.

**5.- Rogos e preguntas.**
Non hai.

Sendo as 13:13 e non habendo máis temas a tratar, remata a sesión de todo o que, como Secretario dou fe.

| | |
|---|---|
| FRANCISCO DURÁN VILLA | FERNANDO PEREZ RODRIGUEZ |
| Decano | Secretario |

LISTADO ALUMNOS  RECONOCIMIENTO ESTUDOS

CURSO 2017 – 2018

- Vicente Liz, André
- Álvarez García-Ramos, Pedro
- Rivero Fernández, Paula
- Vázquez Veiga, Carlos
- Brey Hermo, Laura
- Carnero Feijóo, Luís Martín
- Socastro Cecilio, Álvaro
- Bello Varela, Sonia
- Oumarou Moussa, Issaka
- Abdoulaye Gayassou, Issa
- Moumouni Hama, Djamilatou
- Salissou Harouna, Idrissa
- Malan Maman, Laouali Brah
- Abdoul Moumouni, Tassiou
- Fernández Dugarte, José Daniel
- Díaz Valcárcel, Rubén
- Gómez Mourelle, Ramón
- Sanz Trujillo, Juan Pedro
- Ares Costa, Julián
- Mariñas Placer, Javier
- Seoane Losada, Miguel